

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA:

EDUCACIÓN ARTÍSTICA

MÚSICA
(Primaria)

Curso 2021-2022

Índice

1. Introducción e contextualización

1.1. A aula de música na pandemia do COVID19

1.2. Alumnado con necesidades específicas de apoio educativo

2. Relación coas competencias clave, obxectivos, contidos, estándares de aprendizaxe avaliados. Temporalización, procedementos e instrumentos de avaliación, metodoloxía, materiais e recursos didácticos, criterios de avaliación de cualificación e promoción, indicadores de logro para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente, avaliación inicial, medidas de atención á diversidade, actividades complementarias, mecanismos de revisión, avaliación e modificación da propia programación didáctica nos diferentes cursos de E.P.

2.1. 1º Curso de E.P.

2.2. 2º Curso de E.P.

2.3. 3º Curso de E.P.

2.4. 4º Curso de E.P.

2.5. 5º Curso de E.P.

2.6. 6º Curso de E.P.

3. Relación da materia de música coas demais áreas

4. Relación da materia de música cos elementos transversais

1 Introducción e contextualización

O concello do Rosal é un dos lugares de Galicia máis musicalizado. Máis do 10% da poboación do Rosal toca algún instrumento ou tocouno en algún momento da súa vida segundo datos recollidos na Escola de Música da Agrupación Musical do Rosal no ano 2015. O nivel de instrución deste importante sector de rosaleses/as como é lóxico e diferente duns individuos a outros e vai desde un nivel de iniciación ate o grao superior de estudos musicais.

O CPI Manuel Suárez Marquier ten entre o seu alumnado músicos que tocan na Banda da Agrupación Musical do Rosal e alumnos da escola de música da mesma agrupación que forman parte xa da Banda Infantil ou da Minibanda da Agrupación. En casi todos os cursos de primaria hai alumnado desta escola que forman parte da Minibanda ou da Banda Infantil.

A aula de música na pandemia do COVID19

Os condicionantes aos que nos vemos sometidos por mor da pandemia do COVID19 son moi importantes na aula de música. As recomendacións e obrigas recollidas nos protocolos da Consellaría de Educación e do CPI Manuel Suárez Marquier limitan todas aquelas actividades vinculadas ao canto, a danza, ao movemento e á interpretación musical con instrumentos de vento. Aínda así, este tipo de contidos aparecen nesta programación e desenvolveranse no exterior a distancia recomendada sempre que sexa posíbel mentres se manteña a situación epidemolóxica que vivimos. Así como tamén se terán en conta recursos didácticos que possibiliten o traballo destes contidos no interior da aula de música atendendo ás instrucións correspondentes.

No caso de confinamento parcial ou total as aulas de música impartiranse a través da aula virtual a partir de 3º de primaria sempre que o alumnado conte cos medios adecuados. De non ser posíbel en algún nivel a utilización da aula virtual, utilizaranse aplicacións tales como ClassDojo para propoñer actividades ao alumnado, así como para que estes devolvan as ditas tarefas ao docente. Este medio será o que se utilice en calquera caso en 1º e 2º de primaria.

Alumnado con necesidades específicas de apoio educativo

Nas diferentes aulas do centro atopámonos cunha gran variedade de necesidades específicas de apoio educativo. Co fin de favorecer o desenvolvemento deste alumnado partiremos das indicacións que se establecen no Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado. Ditas pautas serán levadas a cabo tanto nas explicacións, actividades relacionadas co canto, coa práctica instrumental, coa danza, así como nos diferentes materiais impresos e fichas que se lle entregan ao alumnado.

2. Relación coas competencias clave, obxectivos, contidos, estándares de aprendizaxe avaliáveis. Temporalización, procedementos e instrumentos de avaliación, metodoloxía, materiais e recursos didácticos, criterios de avaliación de cualificación e promoción, indicadores de logro para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente, avaliación incial, medidas de atención á diversidade, actividades complementarias, mecanismos de revisión, avaliación e modificación da propia programación didáctica nos diferentes cursos de E.P.

2.1. 1º Curso de E.P.

Competencias clave

Na área de Música contribuiremos ó desenvolvemento de todas as competencias de xeito sistemático, facendo fincapé nos contidos máis afíns á área.

- Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía

- Relacionarse co ámbito natural de xeito respectuoso.
- Desenvolver e promover hábitos de vida saudable en canto á alimentación e ao exercicio físico.
- Identificar e manipular con precisión elementos matemáticos (números, datos, elementos xeométricos...) en situacións cotiás.

- Comunicación lingüística

- Captar o sentido das expresións orais: ordes, explicacións, indicacións, relatos...
- Expresar oralmente de xeito ordenado e clara calquera tipo de información.
- Respetar as normas de comunicación en calquera contexto: quenda de palabra, escoita atenta ao interlocutor...
- Manexar elementos de comunicación non verbal, ou en diferentes rexistros en diversas situacións comunicativas.
- Aprender a letra de diversas cancións sinxelas.

- Competencia dixital

- Utilizar distintas canles de comunicación audiovisual para transmitir informacións diversas.
- Iniciarse no uso das novas tecnoloxías para mellorar o traballo e facilitar a vida diaria.

- **Conciencia e expresións culturais**

- Expresar sentimentos e emocións desde códigos artísticos.
- Apreciar a beleza das expresións artísticas e do cotiá.

- **Competencias sociais e cívicas**

- Coñecer e aplicar dereitos e deberes da convivencia cidadá no contexto da escola. Aplicar permanentemente os protocolo do centro en materia de hixiene e saúde para combater a pandemia do covid-19.
- Desenvolver capacidade de diálogo cos demais en situacións de convivencia e traballo e para a resolución de conflitos.
- Recoñecer a riqueza na diversidade de opinións e ideas.
- Aprender a comportarse desde o coñecemento dos distintos valores.
- Evidenciar preocupación polos máis desfavorecidos e respecto aos distintos ritmos e potencialidades.

- **Sentido de iniciativa e espírito emprendedor**

- Asumir as responsabilidades encomendadas e dar conta delas.
- Ser constante no traballo superando as dificultades.
- Comprender o valor da consecución de obxectivos grupais a intereses persoais.

- **Aprender a aprender**

- Xerar estratexias para aprender en distintos contextos de aprendizaxe.
- Aplicar estratexias para a mellora do pensamento creativo, crítico, emocional, interdependente...
- Avaliar a consecución de obxectivos de aprendizaxe.

Obxectivos

1. Discriminar auditivamente os sons do seu ámbito máis próximo diferenciando entre son, silencio e ruído.
2. Recoñecer e discriminar auditivamente as calidades do son: duración, altura, intensidade e timbre.
3. Exercitar mellor o oído a partir da audición activa de obras musicais descritivas.
4. Utilizar os recursos expresivos da voz na interpretación de cancións.
5. Recoñecer a importancia do coidado da voz e da respiración no canto.
6. Identificar diferentes formas musicais e utilízalas no acompañamento de cancións: estrofa e retrouso, e ostinato rítmico.
7. Utilizar as posibilidades sonoras do propio corpo.

8. Identificar os instrumentos de pequena percusión e a súa agrupación por familias: metal, madeira e parche.
9. Explorar as calidades sonoras de instrumentos non convencionais de calidade acústica.
10. Coñecer e descodificar as graffas convencionais (negra, corchea, silencio de negra) e non convencionais.
11. Interiorizar o ritmo e o pulso da música a través do compás binario.
12. Utilizar o corpo como medio de expresión musical a través da danza.

Contidos

Bloque 1. Escoita

- O son: percepción sensorial.
- Sons do contorno próximo.
- Son e silencio. O ruído.
- Calidades do son: duración (pulso, longo-curto), altura (agudo-grave), intensidade, timbre.
- Audición das obras musicais no plano descritivo.

Bloque 2. Interpretación musical.

- Exploración dos recursos da voz. Articulación e vocalización.
- Tempos da respiración: inspiración e expiración.
- A canción infantil. A estrofa e o retrouso. Acompañamentos rítmicos en ostinato.
- Posibilidades sonoras dos instrumentos e da percusión corporal.
- Instrumentos de percusión escolar: metal, madeira e parche.
- Instrumentos non convencionais de calidade acústica.
- Graffas non convencionais. Graffas convencionais: partitura, figuras (negra, corchea, silencio de negra). Acentuación binaria.

Bloque 3. A música, o movemento e a danza.

- A danza na expresión espontánea.
- Repertorio de danzas sinxelas.
- Canción a través do xesto.

Concreción dos estándares de aprendizaxe avaliáveis e grao mínimo de consecución para superar a materia

Dado que a área de música é en gran medida unha materia aptitudinal onde a capacidade para a realizar determinadas actividades propias da materia (cantar, bailar, tocar un instrumento...) vai ser moi diferente duns individuos a outros debido ás súas condicións naturais, non sería lóxico polo tanto que o grao de consecución de determinados estándares de aprendizaxe condicionara a superación da materia, máxime cando o horario de música non sobrepasa os 50 minutos semanais. Atrévome a facer esta afirmación partindo de que o obxectivo central da área de música na Educación Primaria debe centrarse en desenvolver o gusto pola música e nunca nunha carreira de obstáculos dificilmente salvable para un sector da poboación escolar. Nese sentido todos aqueles estándares vinculados á realización de actividades que impliquen unha certa destreza vocal, instrumental, rítmica e auditiva deben contar so a efectos de mellorar a nota pero non deben ser elementos determinantes a efectos de superar a materia.

Para rexistrar as evidencias de aprendizaxe vinculadas aos estándares utilizaremos unha libreta de seguimento do alumnado. Ao longo das distintas unidades didácticas iremos planificando a realización e a recollida de produtos que mostre o nivel de consecución do estándar e detalle a súa evolución ao longo do curso. En dita libreta realizaranse as diversas avaliacións e notas oportunas das actividades e probas que se leven a cabo na aula de música. Estas actividades, e polo tanto anotacións, estarán agrupadas por temas en relación aos diferentes bloques de contidos: desenvolvemento auditivo (B1), desenvolvemento rítmico-vocal- instrumental (B3), desenvolvemento psicomotriz (B3); por outro lado tamén contamos cun apartado específico para a evolución da lectoescritura musical e o comportamento. Cada un destes ítems están formados polos diferentes estándares de aprendizaxe de cada un dos bloques de contidos mencionados anteriormente e que se especifican no seguinte punto.

Concreción dos estándares de aprendizaxe avaliáveis

Bloque 1. escoita.

- 1.1. Experimenta situacións sen son e con son.
- 1.2. Valora a música como forma habitual de expresión e comunicación.
- 1.3. Valora o silencio como imprescindible para a audición musical.
- 2.1. Percibe e discrimina sons graves e agudos, longos e curtos, fortes e débiles, e de timbres diferentes.
- 3.1. Identifica nunha canción a estrofa e o retrouso.

- 4.1. Diferencia melodías e descobre o poder evocador de escenas e personaxes nunha audición.

Bloque 2. Interpretación musical.

- 1.1. Identifica os dous tempos da respiración.
- 1.2. Explora vocábulos onomatopéicos sinxelos.
- 1.3. Valora a articulación e a vocalización correctas ao cantar unha canción.
- 1.4. Practica técnicas de educación vocal: respiración, articulación e vocalización.
- 1.5. Interpreta coa voz e os instrumentos os sons partituras non convencionais.
- 1.6. Concéntrase no canto afinado ao unísono dunha canción sinxela.
 - 2.1. Improvisa diálogos vocais: ostinatos de acompañamento de cancións e melodías.
- 2.2. Canta de forma coral cunha voz.
 - 3.1. Explora o son dalgúns instrumentos populares.
 - 3.2. Discrimina os instrumentos de percusión afinada dos non afinados.
 - 3.3. Acompaña as súas cancións con instrumentos de percusión mantendo o pulso.
- 4.1. Expresa grafías non convencionais coa voz e os instrumentos.
- 4.2. Practica de forma habitual a lectura de partituras sinxelas non convencionais coa voz e os instrumentos de percusión afinada e non afinada.
 - 5.1. Mostra curiosidade por coñecer signos elementais da linguaxe musical convencional.
 - 5.2. Discrimina a acentuación con resposta verbal e de movemento.
 - 5.3. Diferencia as duracións de negra, corchea e o silencio de negra.
 - 5.4. Sente a acentuación binaria nas cancións e as palabras.

Bloque 3. A música, o movemento e a danza.

- 1.1. Mantén o pulso nunha canción e en actividades de movemento.
- 1.2. Axusta o propio movemento ao espazo e aos demais nos desprazamentos.
- 1.3. Adecúa o movemento ao texto e á melodía dunha canción.
- 1.4. Imita escenas, personaxes e sons co propio corpo, adecuando o movemento ao ritmo.
- 1.5. Goza con desinhibición nos xogos corporais e dramáticos con música.

Temporalización

Esta programación está pensada para o curso escolar 2021-2022, atendendo á Orde do 19 de maio de 2021 pola que se establece o calendario escolar para o curso 2021/2022. As diferentes unidades didácticas que se leven a cabo estarán formadas por diferentes contidos segundo o curso escolar no que nos atopemos, onde terán unha evolución da dificultade ascende.

Comezaremos o curso a través dunha sesión de presentación, onde o obxectivo principal será comprender os gustos e intereses do alumnado relacionados coa música, así mesmo comezaremos a introducilos nas dinámicas de aula que terñan lugar ao longo deste curso. Seguidamente terán lugar as diversas unidades didácticas, nas cales sempre se presentarán diversos apartados:

- Práctica vocal.
- Práctica instrumental.
- Movemento e danza.
- Coñecementos xerais sobre a música, en función de cada un dos cursos.
- Actividades relacionadas coas festividades pertinentes.
- Actividades centradas no proxecto do centro, o cal como se mencionou con anterioridade, está centrado na música.

Procedementos e instrumentos de avaliación

Observación sistemática, pautada e directa do proceso de aprendizaxe. Rexistro das observacións na libreta do profesor na que se teñan en conta as evidencias dos estándares de aprendizaxe. Avaliación real do esforzo individual de cada alumno que tamén se rexistrará na libreta do profesor. Así mesmo teranse en conta certas probas escritas sobre aqueles contidos máis teóricos.

Metodoloxía

As manifestacións artísticas son achegas inherentes ao desenvolvemento da humanidade: non cabe un estudo completo da historia da humanidade no que non se considere a presenza da arte en todas as súas posibilidades. Ao igual que acontece con outras linguaxes, o ser humano utiliza tanto a linguaxe plástica coma o musical para comunicarse co resto de seres; neste caso, incidimos na linguaxe musical como ferramenta para poder expresar as vivencias, os sentimentos, todo aquilo que acontece dentro dun mesmo coa oportunidade de poder contalo a outros.

Dende esta perspectiva, entender, coñecer e investigar, desde idades temperás, os fundamentos da devandita linguaxe van permitir ao alumnado o desenvolvemento da atención, a percepción, a intelixencia, a memoria, a imaxinación e a creatividade. Ademais, o coñecemento musical facilitará o desfrute do patrimonio cultural e artístico, ao valorar e respectar as achegas que se foron engadindo este.

Debemos de ter en conta que cada alumno parte dunhas fortalezas individuais, polo que haberá que poñer en xogo diferentes habilidades para que o propio alumno coñeza onde residen as súas fortalezas.

Cada unha das fortalezas individuais do alumnado axudaranos a definir a predominancia de cada unha das súas intelixencias, polo que as tarefas a realizar estarán pensadas desde a **teoría das intelixencias múltiples** como posibilidade para que todo o alumnado chegue a adquirir todos aqueles aspectos que necesitan para poder desenvolver unha aprendizaxe permanente ao longo da vida.

Nesta área, os alumnos poderán desenvolver diferentes habilidades para a interpretación musical podendo á vez comprobar a capacidade expresiva e creativa desde o coñecemento e a práctica da danza.

O profesorado favorecerá o **traballo en grupo colaborador** de forma que o alumnado recoñeza o seu propio papel e o dos demais compoñentes do grupo como fonte importante de coñecemento, de forma que todos, nenos e nenas, gocen do proceso de creación tanto ou máis que da obra final.

Os contidos da área de Música están organizados arredor duns conceptos fundamentais vinculados a un **contexto real**; será importante traballar a parte competencial de forma que o coñecemento se transforme en acción e aplícalo a proxectos reais próximos ao alumnado.

Materiais e recursos didácticos

- Recursos fotocopiáveis das diferentes ropostas didácticas, con actividades para traballar a tarefa, actividades de reforzo e ampliación e o rexistro de avaliación.
- Equipo de música con lector de CD audio, ordenador e canón de vídeo.
- Instrumentos de percusión, teclado, guitarra e fruta.
- Xogos e materiais manipulativos.

Criterios de avaliación de cualificación e promoción

Bloque 1. escoita.

1. Percibir o poder expresivo do son e da música mediante a escoita activa baseada no xogo e o movemento.
2. Identificar e describir de forma oral as calidades do son.
3. Percibir ritmos e duracións en cancións infantís e populares sinxelas reproducíndoas de xeito individual e en grupo.
4. Describe de xeito oral melodías, escenas e personaxes tras a audición dunha obra musical.

Bloque 2. Interpretación musical.

1. Utilizar, descubrir e valorar as posibilidades sonoras do propio corpo e da voz.
2. Cantar individualmente e en grupo improvisando diálogos vocais.
3. Descubrir e apreciar as posibilidades expresivas e comunicativas de diferentes materiais e instrumentos segundo os diferentes materiais e maneiras de producir o son.
4. Percibir e expresar ritmos e duracións en cancións, actividades de movemento e instrumentacións con grafías non convencionais.
5. Iniciarse nas grafías convencionais identificando a acentuación e algunhas notas e figuras.

Bloque 3. A música, o movemento e a danza.

1. Adecuar o movemento corporal ao movemento da música, expresando mediante a danza espontánea os distintos elementos sonoros percibidos desde unha escoita atenta e activa.

Indicadores de logro para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente

Valora a música como forma habitual de expresión e comunicación e o silencio como imprescindible para a audición musical.

Percibe e discrimina sons graves e agudos, longos e curtos, fortes e débiles, e de timbres diferentes.

Diferencia melodías e descobre o poder evocador de escenas e personaxes nunha audición.

Valora a articulación e a vocalización correctas ao cantar unha canción e interpreta coa voz e os instrumentos os sons partituras non convencionais.

Concéntrase no canto afinado ao unísono dunha canción sinxela.

Discrimina os instrumentos de percusión afinada dos non afinados. Expresa grafías non convencionais coa voz e os instrumentos.

Mantén o pulso nunha canción e en actividades de movemento.

Imita escenas, personaxes e sons co propio corpo, adecuando o movemento ao ritmo.

Goza con desinhibición nos xogos corporais e dramáticos con música.

Deseño da avaliación inicial

A avaliación inicial consistirá en valorar o nivel competencial da área de música.

Realizarase mediante probas prácticas que midan o grao de destrezas adquiridas nos distintos bloques en que se organiza a materia. En todo caso valorarase a percepción auditiva, o ritmo, a entonación, o manexo e utilización correcta dos instrumentos de percusión.

A avaliación inicial realizarase durante o mes de setembro e terá simplemente carácter informativo.

En función dos resultados avaliaremos a posta en práctica de actividades de reforzo de carácter individual.

Medidas de atención á diversidade

Despois de detectar as necesidades do diferente alumnado reforzase individualmente aqueles que o precisen, axudándoos a superar aquelas dificultades que manifiestan. De ser o caso, haberá actividades de ampliación para o alumnado que manifieste un talento especial nesta área, fundamentalmente centrada no acompañamento instrumental

(armonías simples) ou introducindo acompañamentos rítmicos máis complexos en función das capacidades de cada alumno/a. Estas ampliación faranse de ser o caso tendo como base os temas que cantan/tocan o conxunto dos compañeiros/as.

Actividades complementarias e extraescolares programadas

Neste curso escolar 2021-22 contamos cun proxecto no centro denominado “O acorde da quinta”, centrado na música e a súa importancia na sociedade e na vida das persoas. Ao longo dos diferentes trimestres realizaranse unha gran variedade de actividades relacionadas e centradas con esta materia, nelas participarán tanto o alumnado do centro, de todos os cursos, como o profesorado do mesmo.

Mecanismos de revisión, avaliación e modificación das propias programacións didácticas e procesos de mellora

Ao final de cada trimestre cumprimentaremos o cadro que sigue o que permitirá avaliar o funcionamento do programado na aula e establecer estratexias de mellora para o seguinte trimestre e para o seguinte curso.

ASPECTOS A AVALIAR	A DESTACAR...	A MELLORAR...	PROPOSTAS DE MELLORA PERSOAL
Temporalización das unidades didácticas			
Desenvolvemento dos obxectivos didácticos			
Manexo dos contidos na unidade			
Desempeños competenciais			
Realización de tarefas			
Estratexias metodolóxicas seleccionadas			
Recursos			
Claridade nos criterios de avaliación			

Uso de diversas ferramentas de avaliación			
Consecución estándares de aprendizaxe			
Atención á diversidade			

2º Nivel

Competencia clave

Na área de Música contribuiremos ao adestramento de todas as competencias de xeito sistemático, facendo fincapé nos contidos máis afíns á área.

Competencia lingüística

- Obter información relevante e suficiente a partir da observación.
- Desenvolver capacidades relacionadas coa fala, como a respiración, a dicción e a articulación.
- Iniciarse na adquisición dun vocabulario específico da área.
- Xerar intercambios comunicativos.
- Aprender a letra de diversas cancións sinxelas.

Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía

- Explorar de maneira sensorial os espazos.
- Tomar conciencia da importancia de contribuír a preservar un contorno físico agradable e saudable.
- Utilizar o medio como pretexto para a creación artística.
- Mostrar actitudes de respecto cara aos demais e cara a un mesmo.
- Apreciar o contorno a través dos sons presentes na natureza e nas obras realizadas polo home.

Competencia dixital

- Iniciarse na búsqueda, selección e intercambio de información sobre manifestacións artísticas para o seu coñecemento e goce.
- Inicarse no uso da tecnoloxía para mostrar procesos relacionados coa música.

Conciencia e expresións culturais

- Valorar o grao de certeza dos resultados derivados do razoamento.
- Seleccionar as técnicas adecuadas para calcular os pulsos.

Competencias sociais e cívicas

- Coñecer e aplicar dereitos e deberes da convivencia cidadá no contexto da escola. Aplicar permanentemente os protocolo do centro en materia de hixiene e saúde para combater a pandemia do covid-19.
- Coidar e conservar materiais e instrumentos.
- Expresarse buscando o acordo con actitude de respecto, de aceptación e de entendemento.

Sentido da iniciativa e espírito emprendedor

- Ter interese polo coñecemento dos materiais.
- Facilitar a expresión e a comunicación.
- Promover a iniciativa, a imaxinación e a creatividade.
- Apoiar e apreciar as iniciativas e as contribucións alleas.

Competencia aprender a aprender

- Ter curiosidade respecto do resultado final dunha actividade manipulativa.
- Observar co obxecto de adquirir información relevante e suficiente.
- Utilizar os coñecementos adquiridos en situacións diferentes.

Obxectivos

1. Desenvolver mecanismos de sensibilidade estética para promover a percepción e expresión de ideas, emocións, sentimentos e vivencias.
2. Explorar as posibilidades expresivas do propio corpo e coñecer e manexar instrumentos de percusión sinxelos.
3. Indagar nas posibilidades do son, e do movemento como elementos de representación e de comunicación.
4. Adquirir códigos e técnicas específicas da linguaxe musical con grafías convencionais (pentagrama; liñas divisorias; notas: sol, la, mi, fa; signo de repetición (:); clave de sol; figuras e silencios (corchea, negra, branca) e non convencionais para utilizalos con fins expresivos e comunicativos.
5. Desenvolver a capacidade de discriminación auditiva (timbres e alturas).
6. Conseguir unha disposición favorable cara as manifestacións musicais.
7. Valorar e compartir manifestacións artísticas do patrimonio cultural galego.
8. Coñecer e valorar diferentes manifestacións artísticas do patrimonio cultural doutros pobos, colaborando na conservación e renovación das formas de expresión locais e nacionais e estimando o enriquecemento que supón o intercambio con persoas de diferentes culturas que comparten un mesmo contorno.
9. Desenvolver unha relación de autoconfianza coa produción artística persoal, respectando as creacións propias e as das outras persoas, cunha actitude de interese e

de admiración polo distinto e/ou novo, sabendo recibir e expresar críticas e opinións, e utilizándoas como recurso para a mellora.

10. Participar activamente en producións artísticas (xogos, cancións, bailes, improvisacións, etc.) de forma cooperativa, asumindo distintas funcións e colaborando na resolución dos problemas que se presenten para conseguir un produto final o máis satisfactorio posible.

Contidos

Bloque 1. escoita

- Percepción da diferenza entre son, silencio e ruído e das distintas calidades do son.
- escoita, exploración e discriminación dos sons presentes no contorno natural, cultural e artístico: elementos do contorno que producen son; sons que se poden producir co propio corpo.
- Interese e respecto polas obras musicais e polas persoas que as compoñen.
- Reacción espontánea ou dirixida a estímulos sonoros.
- Valoración da atención, da escoita e do respecto nas interpretacións propias e alleas.
- Interese e curiosidade pola escoita activa dunha selección de pezas instrumentais e vocais breves coñecidas polo alumnado e interpretadas de diversos xeitos.
- Uso de diferentes recursos para o seguimento dunha obra musical: corporais, plásticos, musicogramas...
- Expresión oral de emocións e de sentimentos que esperta unha audición.
- Recoñecemento e observancia das normas de comportamento en audicións e noutras actividades musicais.
- Iniciación ao recoñecemento visual e auditivo dalgúns instrumentos musicais, así como de voces masculinas, femininas e infantís, en audicións musicais.
- Discriminación de sons: alturas, timbres.
- Interese por coñecer e interpretar pequenas pezas de música e de danza do patrimonio galego, así como por ensinárllelas a outras persoas e por aprender as que outras persoas coñecen.

- Exploración das posibilidades sonoras e expresivas da voz.
- . Interpretación e memorización de cancións, de lerias, de refráns, de adiviñas... da propia cultura ou doutras ao unísono, con e sen acompañamento rítmico.
- Entoación, emisión da voz(respiración, articulación, impostación).

Bloque 2 Interpretación musical.

- Notas musicais: sol, la, mi, fa.
- Figuras e silencios: corchea, negra e branca.
- Clave de sol, pentagrama, liñas divisorias, signo de repetición (:)
- Asociación intuitiva dos sons a unha representación gráfica mediante símbolos non convencionais. Exploración das posibilidades sonoras e expresivas do corpo e dos obxectos do contorno.
- Utilización progresiva da percusión corporal e dos instrumentos de pequena percusión como recursos para o acompañamento de textos recitados, de cancións e de danzas sinxelas.
- Utilización de obxectos de uso cotián, como instrumentos, e goce co seu uso nas diferentes producións.
- Improvisación de esquemas rítmicos e melódicos sinxelos (pregunta/resposta, formas dadas...).
- Sonorización de situacións, relatos breves... empregando sons vocais, obxectos e instrumentos.
- Confianza e seguridade progresivas nas propias posibilidades de produción musical.
- Interese e respecto polas obras musicais e polas persoas que as compoñen.
- Incorporación e utilización progresiva de graffas non convencionais (puntos, liñas, debuxos, símbolos...) na lectura e na interpretación de partituras sinxelas.

Bloque 3: A música, o movemento e a danza

- Identificación de esquemas rítmicos sinxelos e interese e esforzo na súa repetición utilizando diferentes medios (percusión corporal, voz, instrumentos de percusión...).

- Improvisación de movementos como resposta a diferentes estímulos sonoros e busca de sons que acompañen movementos predeterminados, atendendo á velocidade.
- Realización de movementos, de xogos motores e de danzas sinxelas, acompañados de secuencias sonoras, de cancións e de obras musicais , tentando desenvolver a coordinación tanto individual como colectiva.
- Desinhibición e integración no baile.

Concreción dos estándares de aprendizaxe avaliados e grao mínimo de consecución para superar a materia

Dado que a área de música é en gran medida unha materia aptitudinal onde a capacidade para a realizar determinadas actividades propias da materia (cantar, bailar, tocar un instrumento...) vai ser moi diferente duns individuos a outros debido ás súas condicións naturais, non sería lóxico polo tanto que o grao de consecución de determinados estándares de aprendizaxe condicionara a superación da materia, máxime cando o horario de música non sobrepasa os 50 minutos semanais. Atrévome a facer esta afirmación partindo de que o obxectivo central da área de música na Educación Primaria debe centrarse en desenvolver o gusto pola música e nunca nunha carreira de obstáculos dificilmente salvable para un sector da poboación escolar. Nese sentido todos aqueles estándares vinculados á realización de actividades que impliquen unha certa destreza vocal, instrumental, rítmica e auditiva deben contar so a efectos de mellorar a nota pero non deben ser elementos determinantes a efectos de superar a materia.

Para rexistrar as evidencias de aprendizaxe vinculadas aos estándares utilizaremos unha libreta de seguimento do alumnado. Ao longo das distintas unidades didácticas iremos planificando a realización e a recollida de produtos que mostre o nivel de consecución do estándar e detalle a súa evolución ao longo do curso. En dita libreta realizaranse as diversas avaliacións e notas oportunas das actividades e probas que se leven a cabo na aula de música. Estas actividades, e polo tanto anotacións, estarán agrupadas por temas en relación aos diferentes bloques de contidos: desenvolvemento auditivo (B1), desenvolvemento rítmico-vocal- instrumental (B3), desenvolvemento psicomotriz (B3); por outro lado tamén contamos cun apartado específico para a evolución da lectoescritura musical e o comportamento. Cada un destes ítems están formados polos diferentes estándares de aprendizaxe de cada un dos bloques de contidos mencionados anteriormente e que se especifican no seguinte punto.

Concreción dos estándares

- 1. Experimenta situacións sen son e con son.
- 2. Valora a música como forma habitual de expresión e comunicación.
- 3. Valora o silencio como imprescindible para a audición musical.
- 4. Percibe e discrimina sons graves e agudos, longos e curtos, fortes e débiles, e de timbres diferentes.
- 5. Identifica nunha canción a estrofa e o retrouso.
- 4. Diferencia melodías e descobre o poder evocador de escenas e personaxes nunha audición.
- 6. Identifica os dous tempos da respiración.
- 7. Explora vocábulos onomatopéicos sinxelos.
- 8. Valora a articulación e a vocalización correctas ao cantar unha canción.
- 9. Practica técnicas de educación vocal: respiración, articulación e vocalización.
- 10. Interpreta coa voz e os instrumentos os sons en partituras non convencionais.
- 11. Concéntrase no canto afinado ao unísono dunha canción sinxela.
- 12. Improvisa diálogos vocais: ostinatos de acompañamento de cancións e melodías.
- 13. Canta de forma coral cunha voz.
- 14.. Explora o son dalgúns instrumentos populares.
- 15. Discrimina os instrumentos de percusión afinada dos non afinados.
- 16. Acompaña as súas cancións con instrumentos de percusión mantendo o pulso.
- 17. Expresa grafías non convencionais coa voz e os instrumentos.
- 18. Practica de forma habitual a lectura de partituras sinxelas non convencionais coa voz e os instrumentos de percusión afinada e non afinada.
- 19. Mostra curiosidade por coñecer signos elementais da linguaxe musical convencional. Coñece as notas sol, la, mi, fa.
- 20. Discrimina a acentuación con resposta verbal e de movemento.
- 21. Diferencia as duracións de negra, corchea e o silencio de negra.
- 22. Sente a acentuación binaria nas cancións e as palabras
- 23. Mantén o pulso nunha canción e en actividades de movemento.
- 24. Axusta o propio movemento ao espazo e aos demais nos desprazamentos.
- 25. Adecúa o movemento ao texto e á melodía dunha canción.
- 26. Imita escenas, personaxes e sons co propio corpo, adecuando o movemento ao ritmo.
- 27. Goza con desinhibición nos xogos corporais e dramáticos con música.

Temporalización.

Esta programación está pensada para o curso escolar 2021-2022, atendendo á Orde do 19 de maio de 2021 pola que se establece o calendario escolar para o curso 2021/2022. As diferentes unidades didácticas que se leven a cabo estarán formadas por

diferentes contidos segundo o curso escolar no que nos atopemos, onde terán unha evolución da dificultade ascende.

Comezaremos o curso a través dunha sesión de presentación, onde o obxectivo principal será comprender os gustos e intereses do alumnado relacionados coa música, así mesmo comezaremos a introducilos nas dinámicas de aula que terían lugar ao longo deste curso. Seguidamente terán lugar as diversas unidades didácticas, nas cales sempre se presentarán diversos apartados:

- Práctica vocal.
- Práctica instrumental.
- Movemento e danza.
- Coñecementos xerais sobre a música, en función de cada un dos cursos.
- Actividades relacionadas coas festividades pertinentes.
- Actividades centradas no proxecto do centro, o cal como se mencionou con anterioridade, está centrado na música.

Procedementos e instrumentos de avaliación

Observación sistemática, pautada e directa do proceso de aprendizaxe. Rexistro das observacións na libreta do profesor na que se teñan en conta as evidencias dos estándares de aprendizaxe. Avaliación real do esforzo individual de cada alumno que tamén se rexistrará na libreta do profesor. Así mesmo teranse en conta certas probas escritas sobre aqueles contidos máis teóricos.

Metodoloxía

As manifestacións artísticas son achegas inherentes ao desenvolvemento da humanidade: non cabe un estudo completo da historia da humanidade no que non se considere a presenza da arte en todas as súas posibilidades. Ao igual que acontece con outras linguaxes, o ser humano utiliza tanto a linguaxe plástica coma o musical para comunicarse co resto de seres; neste caso, incidimos na linguaxe musical como ferramenta para poder expresar as vivencias, os sentimentos, todo aquilo que acontece dentro dun mesmo coa oportunidade de poder contalo a outros.

Dende esta perspectiva, entender, coñecer e investigar, desde idades temperás, os fundamentos da devandita linguaxe van permitir ao alumnado o desenvolvemento da atención, a percepción, a intelixencia, a memoria, a imaxinación e a creatividade. Ademais, o coñecemento musical facilitará o desfrute do patrimonio cultural e artístico, ao valorar e respectar as achegas que se foron engadindo este.

Debemos de ter en conta que cada alumno parte dunhas fortalezas individuais, polo que haberá que poñer en xogo diferentes habilidades para que o propio alumno coñeza onde residen as súas fortalezas.

Cada unha das fortalezas individuais do alumnado axudaranos a definir a predominancia de cada unha das súas intelixencias, polo que as tarefas a realizar estarán pensadas desde a **teoría das intelixencias múltiples** como posibilidade para que todo o alumnado

chegue a adquirir todos aqueles aspectos que necesitan para poder desenvolver unha aprendizaxe permanente ao longo da vida.

Nesta área, os alumnos poderán desenvolver diferentes habilidades para a interpretación musical podendo á vez comprobar a capacidade expresiva e creativa desde o coñecemento e a práctica da danza.

O profesorado favorecerá o **traballo en grupo colaborador** de forma que o alumnado recoñeza o seu propio papel e o dos demais compoñentes do grupo como fonte importante de coñecemento, de forma que todos, nenos e nenas, gocen do proceso de creación tanto ou máis que da obra final.

Os contidos da área de Música están organizados arredor duns conceptos fundamentais vinculados a un contexto real; será importante traballar a parte competencial de forma que o coñecemento se transforme en acción e aplícalo a proxectos reais próximos ao alumnado.

Materiais e recursos didácticos

- Recursos fotocopiáveis das diferentes propostas didácticas, con actividades para traballar a tarefa, actividades de reforzo e ampliación e o rexistro de avaliación.
- Equipo de música con lector de CD audio, ordenador e canón de vídeo.
- Instrumentos de percusión, teclado, guitarra e fruta.

Criterios de avaliación de cualificación e de promoción

1. Usar termos sinxelos para comentar as obras musicais observadas e escoitadas.

Preténdese valorar a capacidade para identificar e describir algunhas das características máis evidentes en distintas obras musicais e para expresar as ideas e os sentimentos que estas suscitan. Así mesmo, valorarase a actitude positiva e de respecto cara ás opinións das outras persoas.

2. Identificar e expresar, a través de diferentes linguaxes, algúns dos elementos (velocidade, voces, instrumentos) dunha obra musical.

Con este criterio trátase de comprobar se as nenas e os nenos son quen de recoñecer os compoñentes nunha obra musical e de representalos a través do movemento, da elaboración de debuxos ou da linguaxe verbal.

3. Reproducir patróns de movemento, esquemas rítmicos e melódicos coa voz, co corpo, cos obxectos sonoros e cos instrumentos.

Valorarase a capacidade de atención e de retención a curto prazo de mensaxes sonoras e corporais e o emprego das técnicas necesarias para a súa interpretación.

Así mesmo, comprobarase a capacidade de resposta a estímulos sensoriais e a naturalidade espontánea e mais a expresividade na reprodución.

4. Seleccionar e combinar sons producidos pola voz, polo corpo, polos obxectos e polos instrumentos para sonorizar relatos ou imaxes entre varios dados.

Trátase de comprobar se son capaces de usar os datos obtidos na exploración sonora para sonorizar unha imaxe, conto ou situación, seleccionando os sons máis axeitados e combinándoos de forma apropiada para lograr o efecto desexado, utilizando a imaxinación e propondo solucións orixinais.

Indicadores de logro para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente

- Valora a música como forma habitual de expresión e comunicación e o silencio como imprescindible para a audición musical.
- Percibe e discrimina sons graves e agudos, longos e curtos, fortes e débiles, e de timbres diferentes.
- Diferencia melodías e descobre o poder evocador de escenas e personaxes nunha audición.
- Valora a articulación e a vocalización correctas ao cantar unha canción e interpreta coa voz e os instrumentos os sons partituras non convencionais.
- Concéntrase no canto afinado ao unísono dunha canción sinxela.
- Discrimina os instrumentos de percusión afinada dos non afinados.
- Expresa graffías non convencionais coa voz e os instrumentos.
- Discrimina a acentuación con resposta verbal e de movemento.
- Diferencia as duracións de negra, corchea e o silencio de negra.
- Sente a acentuación binaria nas cancións e as palabras.
- Mantén o pulso nunha canción e en actividades de movemento.
- Imita escenas, personaxes e sons co propio corpo, adecuando o movemento ao ritmo.
- Goza con desinhibición nos xogos corporais e dramáticos con música.

Deseño da avaliación inicial

A avaliación inicial consistirá en valorar o nivel competencial da área de música.

Realízase mediante probas prácticas que midan o grao de destrezas adquiridas nos distintos bloques en que se organiza a materia. En todo caso valorarase a percepción auditiva, o ritmo, a entonación, o manexo dos instrumentos de percusión.

A avaliación inicial realizarase durante o mes de setembro e terá simplemente carácter informativo.

En función dos resultados valorarase a posta en práctica de actividades de reforzo de carácter individual.

Medidas de atención á diversidade

Despois de detectar as necesidades do diferente alumnado reforzarase individualmente aqueles que o precisen, axudándoos a superar aquelas dificultades que manifestan. De ser o caso, haberá actividades de ampliación para o alumnado que manifeste un talento especial nesta area, fundamentalmente centrada no acompañamento instrumental (armonías simples) ou introducindo acompañamentos rítmicos máis complexos en función das capacidades de cada alumno/a. Estas ampliación faranse de ser o caso tendo como base os temas que cantan/tocan o conxunto dos/as compañeiros/as.

Actividades complementarias e extraescolares programadas

Neste curso escolar 2021-22 contamos cun proxecto no centro denominado “O acorde da quinta”, centrado na música e a súa importancia na sociedade e na vida das persoas. Ao longo dos diferentes trimestres realizaranse unha gran variedade de actividades relacionadas e centradas con esta materia, nelas participarán tanto o alumnado do centro, de todos os cursos, como o profesorado do mesmo.

Mecanismos de revisión, avaliación e modificación das propias programacións didácticas e procesos de mellora

Ao final de cada trimestre cumprimentaremos o cadro que sigue o que permitirá avaliar o funcionamento do programado na aula e establecer estratexias de mellora para o seguinte trimestre e para o seguinte curso.

ASPECTOS A AVALIAR	A DESTACAR...	A MELLORAR...	PROPOSTAS DE MELLORA PERSOAL
Temporalización das unidades didácticas			
Desenvolvemento dos obxectivos didácticos			
Manexo dos contidos na unidade			
Desempeños competenciais			
Realización de tarefas			

Estratexias metodolóxicas seleccionadas			
Recursos			
Claridade nos criterios de avaliación			
Uso de diversas ferramentas de avaliación			
Consecución estándares de aprendizaxe			
Atención á diversidade			

3º Nivel

Competencias clave

Na área de Música contribuiremos ao adestramento de todas as competencias de xeito sistemático, facendo fincapé nos contidos máis afíns á área.

Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía

- Interactuar co ámbito natural de xeito respectuoso.
- Identificar e manipular con precisión elementos matemáticos (números, datos, elementos xeométricos...) en situacións cotiás.
- Aplicar os coñecementos matemáticos para a realización de actividades musicais.

Comunicación lingüística

- Comprender o sentido dos textos escritos.
- Captar o sentido das expresións orais: ordes, explicacións, indicacións, relatos...
- Expresar oralmente de xeito ordenado e clara calquera tipo de información.
- Respetar as normas de comunicación en calquera contexto: quenda de palabra, escoita atenta ao interlocutor...
- Manexar elementos de comunicación non verbal, ou en diferentes rexistros en diversas situacións comunicativas.

Competencia dixital

- Empregar distintas fontes para a busca de información.
- Comprender as mensaxes elaboradas en códigos diversos.
- Iniciarse no manexo de ferramentas dixitais para a construción de coñecemento.

Conciencia e expresións culturais

- Valorar a interculturalidade como unha fonte de riqueza persoal e cultural.

- Elaborar traballos e presentacións con sentido estético.

Competencias sociais e cívicas

- Coñecer e aplicar dereitos e deberes da convivencia cidadá no contexto da escola. Aplicar permanentemente os protocolos do centro en materia de hixiene e saúde para combater a pandemia do covid-19.
- Desenvolver capacidade de diálogo cos demais en situacións de convivencia e traballo e para a resolución de conflitos.
- Mostrar dispoñibilidade para a colaboración activa en ámbitos de participación establecidos.
- Concibir unha escala de valores propia e actuar conforme a ela.
- Evidenciar preocupación polos máis desfavorecidos e respecto aos distintos ritmos e potencialidades.

Sentido de iniciativa e espírito emprendedor

- Asumir as responsabilidades encomendadas e dar conta delas.
- Ser constante no traballo superando as dificultades.

Aprender a aprender

- Desenvolver as distintas intelixencias múltiples.
- Xestionar os recursos e as motivacións persoais en favor da aprendizaxe.
- Aplicar estratexias para a mellora do pensamento creativo, crítico, emocional, interdependente...
- Seguir os pasos establecidos e tomar decisións sobre os seguintes en función dos resultados intermedios.
- Tomar conciencia dos procesos de aprendizaxe.

Obxectivos

1. Valorar a música como medio de expresión e de relación entre as persoas.
2. Recoñecer o valor da música como ferramenta terapéutica e medio para canalizar as emocións.
3. Fomentar a actitude de escoita e o respecto polo silencio.
4. Recoñecer e discriminar auditivamente as calidades do son: timbre, duración, altura e intensidade.
5. Identificar os distintos tipos de voces na audición de obras vocais: masculina, feminina e voces brancas.
6. Discriminar entre monodía e polifonía.
7. Explorar as calidades sonoras de diferentes materiais poñendo atención aos distintos timbres.
8. Coñecer e interpretar diferentes formas musicais: rondó, ostinato e canon.
9. Explorar as calidades sonoras da voz na interpretación e a improvisación vocal.
10. Realizar acompañamentos sinxelos a cancións con instrumentos musicais.

11. Desenvolver o canto en grupo en monodia e introducir a polifonía co canon melódico.
12. Representar graficamente as calidades do son.
13. Recoñecer e descodificar elementos da grafía convencional: figuras (negra, corchea, silencio), notas (mi, sol, la), pentagrama, clave de sol, escala (pentatónica, diatónica), compás (binario e ternario).
14. Clasificar os diferentes instrumentos por familias: corda (pulsada, fregada e percutida), vento e percusión.
15. Coñecer e iniciarse no manexo dos instrumentos de lámina para a interpretación musical.
16. Identificar os diferentes profesionais que interveñen na creación e interpretación musical.
17. Expresar musicalmente, a través do corpo e o movemento, sentimentos, emocións e vivencias.

Contidos

No desenvolvemento de calquera clase procuraremos traballar contidos dos tres bloques.

Bloque 1. escoita.

O medio acústico na saúde e na convivencia.

A actitude de escoitar.

O silencio.

As calidades do son: timbre, duración, altura e intensidade.

Obras vocais con distintas voces: masculina, feminina e voces brancas.

Diferenciación de monodia e polifonía.

Recoñecemento de timbres e calidades de materiais sonoros diversos.

Formas musicais: roldou (estrofas e retrousos), ostinato e canon.

Bloque 2. Interpretación musical.

Recursos da voz: improvisación vocal, emisión, articulación, vocalización e respiración.

Canto con acompañamento instrumental.

Canto en grupo: ostinatos melódicos e rítmicos.

Iniciación ao canto polifónico mediante o procedemento de canon.

Calidades do son: duración, intensidade, timbre, altura e a súa representación.

Grafía convencional: figuras (negra, corchea, silencio), notas (mi, sol, la), pentagrama, clave de sol, escala (pentatónica, diatónica), compás (binario e ternario).

Familias de instrumentos: instrumentos de percusión, de corda (fregada, pulsada, percutida), de vento.

Instrumentación Orff. Profesionais da música.

Bloque 3. A música, o movemento e a danza.

O sentido musical a través do control corporal.

Control do corpo: movement, repouso e desprazamento polo espazo.

Canción xestualizada.

A danza como expresión musical de ritmos e como expresión de sentimentos, emocións e imaxinación.

Concreción dos estándares de aprendizaxe avaliados e grao mínimo de consecución para superar a materia

Dado que a área de música é en gran medida unha materia aptitudinal onde a capacidade para a realización determinadas actividades propias da materia (cantar, bailar, tocar un instrumento...) vai ser moi diferente duns individuos a outros debido as súas condicións naturais, non sería lóxico polo tanto que o grao de consecución de determinados estándares de aprendizaxe condicionara a superación da materia, máxime cando o horario de música non sobrepasa os 50 minutos semanais. Atrévome a facer esta afirmación partindo de que o obxectivo central da área de música na Educación Primaria debe centrarse en desenvolver o gusto pola música e nunca nunha carreira de obstáculos dificilmente salvable para un sector da poboación escolar. Neste sentido todos aqueles estándares vinculados a realización de actividades que impliquen unha certa destreza vocal, instrumental, rítmica e audioperceptiva deben contar so a efectos de mellorar a nota pero non deben ser elementos determinantes a efectos de superar a materia.

Os estándares do bloque 1, o nº 2 do bloque 2 e os nº 1 e 2 do bloque 3 si son esixíbeis para superar a materia. Para rexistrar as evidencias de aprendizaxe vinculadas aos estándares utilizaremos unha libreta de seguimento do alumnado. Ao longo das distintas unidades didácticas iremos planificando a realización e a recollida de produtos que mostre o nivel de consecución do estándar e detalle a súa evolución ao longo do curso. Así como tamén se terán en conta as diferentes probas escritas que se realicen ao longo do curso.

En dita libreta realizaranse as diversas avaliacións e notas oportunas das actividades e probas que se leven a cabo na aula de música. Estas actividades, e polo tanto anotacións, estarán agrupadas por temas en relación aos diferentes bloques de contidos: desenvolvemento auditivo (B1), desenvolvemento rítmico-vocal-instrumental (B3), desenvolvemento psicomotriz (B3); por outro lado tamén contamos cun apartado específico para a evolución da lectoescritura musical e o comportamento. Cada un destes ítems están formados polos diferentes estándares de aprendizaxe de cada un dos bloques de contidos mencionados anteriormente e que se especifican no seguinte punto.

Concreción dos estándares

Bloque 1. Escoita.

1. Mantén unha actitude de respecto tanto nas audicións musicais como cando participan os seus compañeiros.
2. Valora o silencio como necesario para a audición musical.
3. Describe, oralmente e por escrito, algunhas calidades dos sons escoitados.
4. Toma conciencia dos sons que o rodean recoñecendo a súa natureza.
5. Coñece a diferenza entre as voces femininas, as masculinas e as brancas.
6. Diferencia e define de xeito oral e por escrito a monodia da polifonía.
7. Discrimina e clasifica en familias (corda, vento e percusión) os instrumentos que participan nunha obra musical orquestral.
8. Descubre a organización dunha obra musical sinxela.
9. Identifica as formas musicais (rondó, ostinato e canon) en obras musicais escoitadas.

Bloque 2. Interpretación musical.

1. Recoñece as posibilidades expresivas, sonoras e musicais da voz.
2. Desenvolve hábitos correctos de respiración, posición e articulación para interpretar coa voz.
3. Participa en actividades vocais en grupo e/ou con acompañamento musical observando a respiración, a articulación e a afinación.
4. Iníciase no canto polifónico mediante o procedemento do canon.
5. Le e interpreta unha partitura sinxela escrita en linguaxe musical convencional en clave de sol.
6. Interpreta correctamente figuras e silencios de redonda, branca, negra e corchea.
7. Comprende e utiliza os conceptos de intensidade (piano, forte) cando interpreta.
8. Discrimina e clasifica en familias (corda, vento e percusión) os instrumentos que lle son mostrados fisicamente ou por medio de imaxes.
9. Nomea e describe as características dalgúns instrumentos.
10. Iníciase no estudo da técnica dos instrumentos de lámina.
11. Interpreta pezas musicais adaptadas cos instrumentos de lámina.
12. Coñece a figura e a función do director e dos diferentes intérpretes en distintas agrupacións.
13. Analiza e recolle información sobre directores e intérpretes destacados do noso país.

Bloque 3. A música, o movemento e a danza.

1. Axusta o propio movemento ao espazo e aos demais nos desprazamentos.
2. Adecúa o xesto ao texto da canción.
3. Escenifica unha danza ou coreografía sinxela en grupo.

Temporalización.

Esta programación está pensada para o curso escolar 2021-2022, atendendo á Orde do 19 de maio de 2021 pola que se establece o calendario escolar para o curso 2021/2022. As diferentes unidades didácticas que se leven a cabo estarán formadas por diferentes contidos segundo o curso escolar no que nos atopemos, onde terán unha evolución da dificultade ascende.

Comezaremos o curso a través dunha sesión de presentación, onde o obxectivo principal será comprender os gustos e intereses do alumnado relacionados coa música, así mesmo comezaremos a introducilos nas dinámicas de aula que terían lugar ao longo deste curso. Seguidamente terán lugar as diversas unidades didácticas, nas cales sempre se presentarán diversos apartados:

- Práctica vocal.
- Práctica instrumental.
- Movemento e danza.
- Coñecementos xerais sobre a música, en función de cada un dos cursos.
- Actividades relacionadas coas festividades pertinentes.
- Actividades centradas no proxecto do centro, o cal como se mencionou con anterioridade, está centrado na música.

Procedementos e instrumentos de avaliación

Observación sistemática, pautada e directa do proceso de aprendizaxe. Rexistro das observacións na libreta do profesor na que se teñan en conta as evidencias dos estándares de aprendizaxe. Avaliación real do esforzo individual de cada alumno que tamén se rexistrará na libreta do profesor.

Metodoloxía

As manifestacións artísticas son achegas inherentes ao desenvolvemento da humanidade: non cabe un estudo completo da historia da humanidade no que non se considere a presenza da arte en todas as súas posibilidades. Ao igual que acontece con outras linguaxes, o ser humano utiliza tanto a linguaxe plástica coma o musical para comunicarse co resto de seres; neste caso, incidimos na linguaxe musical como ferramenta para poder expresar as vivencias, os sentimentos, todo aquilo que acontece dentro dun mesmo coa oportunidade de poder contalo a outros.

Dende esta perspectiva, entender, coñecer e investigar, desde idades temperás, os fundamentos da devandita linguaxe van permitir ao alumnado o desenvolvemento da atención, a percepción, a intelixencia, a memoria, a imaxinación e a creatividade. Ademais, o coñecemento musical facilitará o disfrute do patrimonio cultural e artístico, ao valorar e respectar as achegas que se foron engadindo este.

Debemos de ter en conta que cada alumno parte dunhas fortalezas individuais, polo que haberá que poñer en xogo diferentes habilidades para que o propio alumno coñeza onde residen as súas fortalezas.

Cada unha das fortalezas individuais do alumnado axudaranos a definir a predominancia de cada unha das súas intelixencias, polo que as tarefas a realizar estarán pensadas

desde a **teoría das intelixencias múltiples** como posibilidade para que todo o alumnado chegue a adquirir todos aqueles aspectos que necesitan para poder desenvolver unha aprendizaxe permanente ao longo da vida.

Nesta área, os alumnos poderán desenvolver diferentes habilidades para a interpretación musical podendo á vez comprobar a capacidade expresiva e creativa desde o coñecemento e a práctica da danza.

O profesorado favorecerá o **traballo en grupo colaborador** de forma que o alumnado recoñeza o seu propio papel e o dos demais compoñentes do grupo como fonte importante de coñecemento, de forma que todos, nenos e nenas, gocen do proceso de creación tanto ou máis que da obra final.

Os contidos da área de Música están organizados arredor duns conceptos fundamentais vinculados a un **contexto real**; será importante traballar a parte competencial de forma que o coñecemento se transforme en acción e aplícalo a proxectos reais próximos ao alumnado.

Materiais e recursos didácticos

- Recursos fotocopiáveis das diferentes propostas didácticas, con actividades para traballar a tarefa, actividades de reforzo e ampliación e o rexistro de avaliación.
- Equipo de música con lector de CD audio, ordenador e canón de vídeo.
- Instrumentos de percusión, teclado, fruta.
- Materiais manipulativos e xogos relacionados coa materia.

Criterios de avaliación de cualificación e de promoción

Bloque 1. Escoita.

1. Coñecer a importancia do mantemento dun medio acústico adecuado para a mellora da saúde e a convivencia.
2. Identificar as calidades en sons da natureza, do ambiente e do ámbito, tras a súa exploración auditiva.
3. Recoñecer diferentes tipos de voz auditivamente.
4. Recoñecer e describir algúns elementos musicais en pezas escoitadas na aula.

Bloque 2. Interpretación musical.

1. Coñecer as posibilidades sonoras e musicais da voz adecuando a respiración e a postura corporal á interpretación vocal.
2. Identificar elementos utilizados na representación gráfica convencional da música utilizando de forma apropiada termos técnicos propios da linguaxe musical.

3. Recoñece por medio de imaxes e clasifica os instrumentos en familias nomeando algún deles.
4. Interpretar un repertorio básico de pezas instrumentais con instrumental Orff.
5. Buscar, seleccionar e organizar informacións en documentos gráficos e medios informáticos sobre diferentes profesionais da música (compositores, produtores, directores, intérpretes) mostrando unha actitude de respecto e valoración polo seu traballo.

Bloque 3. A música, o movemento e a danza.

1. Utilizar o corpo como expresión de sentimentos, emocións e imaxinación con control postural e coordinación coa música.
2. Memorizar e interpretar por imitación danzas sinxelas.

Indicadores de logro para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente

1. Usa termos sinxelos para comentar as obras musicais observadas e escoitadas.
2. Identifica e expresa a través de diferentes linguaxes, algúns dos elementos (velocidade, voces, instrumentos) dunha obra musical.
3. Reproduce patróns de movemento, esquemas rítmicos e melódicos coa voz, co corpo, cos obxectos sonoros e cos instrumentos.
4. Selecciona e combina sons producidos pola voz, polo corpo, polos obxectos e polos instrumentos para sonorizar relatos ou imaxes entre varios dados.
5. Realiza acompañamentos sinxelos a cancións con instrumentos musicais.
6. Desenvolve o canto en grupo en monodia e está iniciado na polifonía co canon melódico.
7. Recoñece e é capaz de descodificar elementos da grafía convencional: figuras (negra, corchea, silencio), notas (mi, sol, la), pentagrama, clave de sol, escala (pentatónica, diatónica), compás (binario e ternario).
8. Clasifica os diferentes instrumentos por familias: corda (pulsada, fregada e percutida), vento e percusión.
9. Coñece e manexa os instrumentos de lámina alternando man dereita/man esquerda en composicións simples de tres ou catro compases coas notas mi, sol, la e con negras, corcheas, e silencios de negra.

Deseño da avaliación inicial

A avaliación inicial consistirá en valorar o nivel competencial da área de música. Realizarase mediante probas prácticas que midan o grao de destrezas adquiridas nos distintos bloques en que se organiza a materia. En todo caso valorarase a percepción auditiva, o ritmo, a entonación, o manexo dos instrumentos de percusión e a capacidade de lectura e escritura musical.

A avaliación inicial realizarase durante o mes de setembro e terá simplemente carácter informativo.

En función dos resultados valorarase a posta en práctica de actividades de reforzo ou de ampliación de carácter individual.

Medidas de atención á diversidade

Despois de detectar as necesidades do diferente alumnado procuraremos reforzar individualmente aqueles que o precisen axudándoos a superar aquelas dificultades que manifestan. Dado que hai rapaces e rapaces iniciados no estudo da música estes colaboraran cos/cas compañeiros que o necesitan desde os criterios dun modelo de colaboración dirixido polo profesor. De ser o caso, haberá actividades de ampliación para o alumnado que manifeste un talento especial nesta area, fundamentalmente centrada no acompañamento instrumental (armonías simples) ou introducindo acompañamentos rítmicos máis complexos en función das capacidades de cada alumno/a. Estas ampliación faranse de ser o caso tendo como base os temas que cantan/tocan o conxunto dos/as compañeiros/as.

Actividades complementarias e extraescolares programadas.

Neste curso escolar 2021-22 contamos cun proxecto no centro denominado “O acorde da quinta”, centrado na música e a súa importancia na sociedade e na vida das persoas. Ao longo dos diferentes trimestres realizaranse unha gran variedade de actividades relacionadas e centradas con esta materia, nelas participarán tanto o alumnado do centro, de todos os cursos, como o profesorado do mesmo.

Mecanismos de revisión, avaliación e modificación das propias programacións didácticas e procesos de mellora

Ao final de cada trimestre cumprimentaremos o cadro que sigue o que permitirá avaliar o funcionamento do programado na aula e establecer estratexias de mellora para o seguinte trimestre e para o seguinte curso.

ASPECTOS A AVALIAR	A DESTACAR...	A MELLORAR...	PROPOSTAS DE MELLORA
--------------------	---------------	---------------	----------------------

			PERSOAL
Temporalización das unidades didácticas			
Desenvolvemento dos obxectivos didácticos			
Manexo dos contidos na unidade			
Desempeños competenciais			
Realización de tarefas			
Estratexias metodolóxicas seleccionadas			
Recursos			
Claridade nos criterios de avaliación			
Uso de diversas ferramentas de avaliación			
Consecución estándares de aprendizaxe			
Atención á diversidade			

4º Nivel

Competencias clave

Na área de Música contribuiremos ao adestramento de todas as competencias de xeito sistemático, facendo fincapé nos contidos máis afíns á área.

Competencia lingüística

- Valorar a obra artística.
- Obter información relevante e suficiente a partir da observación.
- Desenvolver capacidades relacionadas coa fala, como a respiración, a dicción e a articulación.

- Adquirir un vocabulario específico da área.
- Aprender a letra de diversas cancións sinxelas.

Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía

- Explorar de maneira sensorial os espazos.
- Tomar conciencia da importancia de contribuír a preservar un contorno físico agradable e saudable.
- Utilizar o medio como pretexto para a creación artística.
- Mostrar actitudes de respecto cara aos demais e cara a un mesmo.
- Apreciar o contorno a través dos sons presentes na natureza e nas obras realizadas polo home.

Competencia dixital

- Valorar o grao de certeza dos resultados derivados do razoamento.
- Seleccionar as técnicas adecuadas para calcular os pulsos.
- Usar a tecnoloxía para mostrar procesos relacionados coa música.

Conciencia e expresións culturais

- Buscar, seleccionar e intercambiar información sobre manifestacións artísticas para o seu coñecemento e goce.
- Manipular materiais e adquirir bagaxe plástica expresiva.
- Experimentar e gozar co uso de técnicas e materiais.
- Desenvolver iniciativas e solucións diversas.
- Adquirir coñecementos e buscar solucións a partir da exploración e da indagación.

Sentido da iniciativa e espírito emprendedor

- Coñecer e aplicar dereitos e deberes da convivencia cidadá no contexto da escola. Aplicar permanentemente os protocolos do centro en materia de hixiene e saúde para combater a pandemia do covid-19
- Coidar e conservar materiais e instrumentos.
- Ter flexibilidade ante un mesmo suposto.
- Traballar en equipo cooperando e asumindo responsabilidades.
- Aplicar técnicas concretas e utilizar os espazos de maneira apropiada.
- Seguir as normas e as instrucións dadas.
- Expresarse buscando o acordo con actitude de respecto, de aceptación e de entendemento.
- Ter interese polo coñecemento dos materiais.
- Promover a iniciativa, a imaxinación e a creatividade.
- Apoiar e apreciar as iniciativas e as contribucións alleas.

Competencia para aprender a aprender

- Esforzarse por alcanzar resultados orixinais.
- Observar co obxecto de adquirir información relevante e suficiente.

- Reflexionar sobre os procesos na manipulación de obxectos, a experimentación con técnicas e materiais e a exploración sensorial de son

Obxectivos

1. Desenvolver mecanismos de sensibilidade estética e creación artísticas para promover a percepción e a expresión de ideas, emocións, sentimentos e vivencias.
2. Explorar as posibilidades expresivas do propio corpo e coñecer e manexar instrumentos de percusión sinxelos. Tocar pequenas composicións cos instrumentos de lámina.
3. Indagar nas posibilidades do son, e do movemento como elementos de representación e de comunicación e utilízalas para expresar ideas e sentimentos, contribuindo con iso ao equilibrio afectivo e á relación coas demais persoas.
4. Adquirir códigos e técnicas específicas da linguaxe musical con grafías convencionais [clave de sol; liñas divisorias; notas do, re, mi, fa, sol, la, si, do!; figuras e silencios (corchea, branca, negra, redonda)] e non convencionais para utilízalos con fins expresivos e comunicativos.
 5. Conseguir unha disposición favorable cara as manifestacións musicais.
 6. Desenvolver a capacidade auditiva (timbres e altura).
 7. Valorar e compartir manifestacións artísticas do patrimonio cultural galego apreciando a súa riqueza e diversidade iniciándose no compromiso da súa defensa, conservación e difusión.
 8. Coñecer e valorar diferentes manifestacións artísticas do patrimonio cultural doutros pobos, colaborando na conservación e renovación das formas de expresión locais e nacionais e estimando o enriquecemento que supón o intercambio con persoas de diferentes culturas que comparten un mesmo contorno.
 9. Desenvolver unha relación de autoconfianza coa produción artística persoal, respectando as creacións propias e as das outras persoas, cunha actitude de interese e de admiración polo distinto e/ou novo, sabendo recibir e expresar críticas e opinións, e utilizándoas como recurso para a mellora.
 10. Participar activamente en producións artísticas (xogos, cancións, bailes, improvisacións, etc.) de forma cooperativa, asumindo distintas funcións e colaborando na resolución dos problemas que se presenten para conseguir un produto final o máis satisfactorio posible.

Contidos

Bloque 1. escoita

- Identificación e comentario da variedade de sons, de músicas, de movementos do corpo e de tecnoloxías que se poden utilizar cando se fai expresión musical, partindo da observación no contorno e incorporando unha terminoloxía cada vez máis adecuada.
- Audición activa dunha selección de pezas instrumentais e vocais de distintos estilos e culturas adaptadas á idade do alumnado e recoñecemento dalgúns trazos característicos, utilizando diferentes recursos para o seu seguimento: corporais, plásticos, instrumentais, musicogramas...
- Utilización de obxectos e de instrumentos para percibir, diferenciar, explorar e identificar os parámetros do son (intensidade, duración, altura e timbre).
- Recoñecemento de calidades dos sons e dos instrumentos en pezas musicais.
- Identificación visual e auditiva dalgúns instrumentos: da orquestra, da música popular galega e dos utilizados por outras culturas, tentando aproximarse a unha clasificación por familias.
- Actitude atenta e silenciosa, respecto ás normas de comportamento durante a audición de música e/ou na asistencia a diferentes representacións.
- Discriminación do son: alturas (iniciación aos intervalos de 2ª e de 3ª) e timbres .
 - Exploración das posibilidades sonoras e expresivas da voz.

Bloque 2. Interpretación musical

- Inicio ao uso das grafías convencionais na lectura e na interpretación de cancións e de pezas instrumentais sinxelas. Pentagrama, Clave de sol, liñas divisorias, figuras e silencios (corchea, negra, branca, redonda), notas (do, re , mi, fa, sol, la, si, do!).
 - Interpretación, memorización e improvisación guiada de cancións a unha ou varias voces pertencentes ao noso patrimonio cultural e das zonas de procedencia de compañeiros e compañeiras non galegos/as.
 - Desenvolvemento progresivo de hábitos de coidado da voz, do corpo, dos instrumentos e dos materiais de traballo.
 - Interese e responsabilidade nas actividades de interpretación e de creación.

- Exploración das posibilidades sonoras do corpo, dos obxectos e dos instrumentos.
- Execución de acompañamentos sinxelos para cancións e pezas instrumentais nos instrumentos de lámina.
- Execución de melodías sinxelas cos instrumentos de lámina.
- Creación de pezas musicais sinxelas a partir de elementos dados.
- Adquisición progresiva de responsabilidade para favorecer a dinámica de traballo cooperativo na aula.
- Estratexia de repetición e imitación como recursos da improvisación.

Bloque 3. A música, o movemento e a danza.

- Memorización e interpretación de xogos motrices, de secuencias de movementos fixados ou inventados e de danzas, procurando unha progresiva coordinación tanto individual como colectiva.
- Iniciación á interpretación de danzas e de cancións tradicionais galegas e das zonas de orixe de compañeiras e compañeiros.
- Improvisación de esquemas rítmicos e melódicos sobre bases musicais dadas mediante instrumentos de percusión e percusión corporal.
- Estratexia de repetición e imitación como recursos da improvisación.
- Iniciación á creación de coreografías sinxelas para cancións e pezas musicais breves a partir da combinación de elementos dados e que teñan relación con ideas, emocións e experiencias propias ou alleas.

Concreción dos estándares de aprendizaxe avaliados e grao mínimo de consecución para superar a materia

Dado que a área de música é en gran medida unha materia aptitudinal onde a capacidade para a realización determinadas actividades propias da materia (cantar, bailar, tocar un instrumento...) vai ser moi diferente duns individuos a outros debido as súas condicións naturais, non sería lóxico polo tanto que o grao de consecución de determinados estándares de aprendizaxe condicionara a superación da materia, máxime cando o horario de música non sobrepasa os 50 minutos semanais. Atrévome a facer esta afirmación partindo de que o obxectivo central da área de música na Educación Primaria debe centrarse en desen-

volver o gusto pola música e nunca nunha carreira de obstáculos dificilmente salvable para un sector da poboación escolar . Nese sentido todos aqueles estándares vinculados a realización de actividades que impliquen unha certa destreza vocal, instrumental, rítmica e audioperceptiva deben contar so a efectos de mellorar a nota pero non deben ser elementos determinantes a efectos de superar a materia.

Os estándares 1,2, 3, 4, 5, 6, 7, 8, 9 e 17 si son esixíbeis para superar a materia. Para rexistrar as evidencias de aprendizaxe vinculadas aos estándares utilizaremos unha libreta de seguimento do alumnado. Ao longo das distintas unidades didácticas iremos planificando a realización e a recollida de produtos que mostre o nivel de consecución do estándar e detalle a súa evolución ao longo do curso. En dita libreta realizaranse as diversas avaliacións e notas oportunas das actividades e probas que se levan a cabo na aula de música. Estas actividades, e polo tanto anotacións, estarán agrupadas por temas en relación aos diferentes bloques de contidos: desenvolvemento auditivo (B1), desenvolvemento rítmico-vocal- instrumental (B3), desenvolvemento psicomotriz (B3); por outro lado tamén contamos cun apartado específico para a evolución da lectoescritura musical e o comportamento. Cada un destes ítems están formados polos diferentes estándares de aprendizaxe de cada un dos bloques de contidos mencionados anteriormente e que se especifican no seguinte punto.

Concreción dos estándares

1. Mantén unha actitude de respecto tanto nas audicións musicais como cando participan os seus compañeiros.
2. Valora o silencio como necesario para a audición musical.
3. Describe, oralmente e por escrito, algunhas calidades dos sons escoitados.
4. Toma conciencia dos sons que o rodean recoñecendo a súa natureza.
5. Coñece a diferenza entre as voces femininas, as masculinas e as brancas.
6. Diferencia e define de xeito oral e por escrito a monodia da polifonía.
7. Discrimina e clasifica en familias (corda, vento e percusión) os instrumentos que participan nunha obra musical orquestral.
8. Descubre a organización dunha obra musical sinxela.
9. Identifica as formas musicais (rondó, ostinato e canon) en obras musicais escoitadas.
10. Recoñece as posibilidades expresivas, sonoras e musicais da voz.
11. Desenvolve hábitos correctos de respiración, posición e articulación para interpretar coa voz.
12. Participa en actividades vocais en grupo e/ou con acompañamento musical observando a respiración, a articulación e a afinación.
13. Participa no canto polifónico mediante o procedemento do canon.
14. Le e interpreta unha partitura sinxela escrita en linguaxe musical convencional en clave de sol (notas do, re, mi, fa, sol, la, si, do)
15. Interpreta correctamente figuras e silencios de redonda, branca, negra e corchea.
16. Comprende e utiliza os conceptos de intensidade (piano, forte) cando interpreta.

17. Discrimina e clasifica en familias (corda, vento e percusión) os instrumentos que lle son mostrados fisicamente ou por medio de imaxes.
18. Interpreta pezas musicais adaptadas cos instrumentos de lámina.
19. Escenifica unha danza ou coreografía sinxela en grupo.

Temporalización.

Esta programación está pensada para o curso escolar 2021-2022, atendendo á Orde do 19 de maio de 2021 pola que se establece o calendario escolar para o curso 2021/2022. As diferentes unidades didácticas que se leven a cabo estarán formadas por diferentes contidos segundo o curso escolar no que nos atopemos, onde terán unha evolución da dificultade ascende.

Comezaremos o curso a través dunha sesión de presentación, onde o obxectivo principal será comprender os gustos e intereses do alumnado relacionados coa música, así mesmo comezaremos a introducilos nas dinámicas de aula que terían lugar ao longo deste curso. Seguidamente terán lugar as diversas unidades didácticas, nas cales sempre se presentarán diversos apartados:

- Práctica vocal.
- Práctica instrumental.
- Movemento e danza.
- Coñecementos xerais sobre a música, en función de cada un dos cursos.
- Actividades relacionadas coas festividades pertinentes.
 - Actividades centradas no proxecto do centro, o cal como se mencionou con anterioridade, está centrado na música.

Procedementos e instrumentos de avaliación

Observación sistemática, pautada e directa do proceso de aprendizaxe. Rexistro das observacións na libreta do profesor na que se teñan en conta as evidencias dos estándares de aprendizaxe. Avaliación real do esforzo individual de cada alumno que tamén se rexistrará na libreta do profesor.

Metodoloxía

As manifestacións artísticas son achegas inherentes ao desenvolvemento da humanidade: non cabe un estudo completo da historia da humanidade no que non se considere a presenza da arte en todas as súas posibilidades. Ao igual que acontece con outras linguaxes, o ser humano utiliza tanto a linguaxe plástica coma o musical para comunicarse co resto de seres; neste caso, incidimos na linguaxe musical como ferramenta para poder expresar as vivencias, os sentimentos, todo aquilo que acontece dentro dun mesmo coa oportunidade de poder contalo a outros.

Dende esta perspectiva, entender, coñecer e investigar, desde idades temperás, os fundamentos da devandita linguaxe van permitir ao alumnado o desenvolvemento da atención, a percepción, a intelixencia, a memoria, a imaxinación e a creatividade. Ademais, o coñecemento musical facilitará o disfrute do patrimonio cultural e artístico, ao valorar e respectar as achegas que se foron engadindo este.

Debemos de ter en conta que cada alumno parte dunhas fortalezas individuais, polo que haberá que poñer en xogo diferentes habilidades para que o propio alumno coñeza onde residen as súas fortalezas.

Cada unha das fortalezas individuais do alumnado axudaranos a definir a predominancia de cada unha das súas intelixencias, polo que as tarefas a realizar estarán pensadas desde a **teoría das intelixencias múltiples** como posibilidade para que todo o alumnado chegue a adquirir todos aqueles aspectos que necesitan para poder desenvolver unha aprendizaxe permanente ao longo da vida.

Nesta área, os alumnos poderán desenvolver diferentes habilidades para a interpretación musical podendo á vez comprobar a capacidade expresiva e creativa desde o coñecemento e a práctica da danza.

O profesor favorecerá o **traballo en grupo colaborador** de forma que o alumnado recoñeza o seu propio papel e o dos demais compoñentes do grupo como fonte importante de coñecemento, de forma que todos, nenos e nenas, gocen do proceso de creación tanto ou máis que da obra final.

Os contidos da área de Música están organizados arredor duns conceptos fundamentais vinculados a un **contexto real**; será importante traballar a parte competencial de forma que o coñecemento se transforme en acción e aplícalo a proxectos reais próximos ao alumnado.

Materiais e recursos didácticos

- Recursos fotocopiáveis das diferentes propostas didácticas, con actividades para traballar a tarefa, actividades de reforzo e ampliación e o rexistro de avaliación.
- Equipo de música con lector de CD audio, ordenador e canón de vídeo.
- Instrumentos de percusión, teclado, guitarra e fruta.
- Materiais manipulativos, xogos relacionados coa materia, xogos online...

Criterios de avaliación de cualificación e promoción

- Usar termos sinxelos para comentar as obras musicais observadas e escoitadas.

Preténdese valorar a capacidade para identificar e describir algunhas das características máis evidentes en distintas obras musicais e para expresar as ideas e os sentimentos que estas suscitan. Así mesmo, valorarase a actitude positiva e de respecto cara ás opinións das outras persoas.

- Identificar e expresar, a través de diferentes linguaxes, algúns dos elementos (velocidade, voces, instrumentos) dunha obra musical.

Con este criterio trátase de comprobar se as nenas e os nenos son quen de recoñecer os compoñentes nunha obra musical e de representalos a través do movemento, da elaboración de debuxos ou da linguaxe verbal- musical.

- Reproducir patróns de movemento, esquemas rítmicos e melódicos coa voz, co corpo, cos obxectos sonoros e cos instrumentos.

Valorarase a capacidade de atención e de retención a curto prazo de mensaxes sonoras e corporais e o emprego das técnicas necesarias para a súa interpretación.

Así mesmo, comprobarase a capacidade de resposta a estímulos sensoriais e a naturalidade espontánea e mais a expresividade na reprodución.

- Seleccionar e combinar sons producidos pola voz, polo corpo, polos obxectos e polos instrumentos para sonorizar relatos ou imaxes entre varios dados.

Trátase de comprobar se son capaces de usar os datos obtidos na exploración sonora para sonorizar unha imaxe, conto ou situación, seleccionando os sons máis axeitados e combinándoos de forma apropiada para lograr o efecto desexado, utilizando a imaxinación e propondo solucións orixinais.

Indicadores de logro para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente

1. Usa termos sinxelos para comentar as obras musicais observadas e escoitadas.
2. Identifica e expresa a través de diferentes linguaxes, algúns dos elementos (velocidade, voces, instrumentos) dunha obra musical.
3. Reproduce patróns de movemento, esquemas rítmicos e melódicos coa voz, co corpo, cos obxectos sonoros e cos instrumentos.
4. Selecciona e combina sons producidos pola voz, polo corpo, polos obxectos e polos instrumentos para sonorizar relatos ou imaxes entre varios dados.
5. Desenvolve o canto en grupo en monodia e está iniciado na polifonía co canon melódico.
6. Recoñece e é capaz de descodificar elementos da grafía convencional: figuras (branca, negra, corchea, silencio de negra), notas (do, re, mi, fa, sol, la, si, do), pentagrama, clave de sol, escala (pentatónica, diatónica), compás (binario e ternario).

7. Clasifica os diferentes instrumentos por familias: corda (pulsada, fregada e percutida), vento e percusión.

8. Coñece e manexa os instrumentos de lámina alternando man dereita/man esquerda en composicións simples de máis de 5 compases con 4 notas diferentes con brancas, negras, corcheas, e silencios de negra.

Deseño da avaliación inicial

A avaliación inicial consistirá en valorar o nivel competencial da área de música.

Realízase mediante probas prácticas que midan o grao de destrezas adquiridas nos distintos bloques en que se organiza a materia. En todo caso valorarase a percepción auditiva, o ritmo, a entonación, o manexo dos instrumentos de percusión e a capacidade de lectura e escritura musical.

A avaliación inicial realizarase durante o mes de setembro e terá simplemente carácter informativo.

En función dos resultados valorarase a posta en práctica de actividades de reforzo ou ampliación de carácter individual.

Medidas de atención á diversidade

Despois de detectar as necesidades do diferente alumnado procuraremos reforzar individualmente aqueles que o precisen axudándoos/as a superar aquelas dificultades que manifestan. Dado que hai rapazas e rapaces iniciados no estudo da música estes colaboraran cos/cas compañeiros que o necesitan desde os criterios dun modelo de colaboración dirixido polo profesor. De ser o caso, haberá actividades de ampliación para o alumnado que manifeste un talento especial nesta area, fundamentalmente centrada no acompañamento instrumental (armonías simples) ou introducindo acompañamentos rítmicos máis complexos en función das capacidades de cada alumno/a. Estas ampliación faranse de ser o caso tendo como base os temas que cantan/tocan o conxunto dos/as compañeiros/as.

Actividades complementarias e extraescolares programadas

Neste curso escolar 2021-22 contamos cun proxecto no centro denominado “O acorde da quinta”, centrado na música e a súa importancia na sociedade e na vida das persoas. Ao longo dos diferentes trimestres realizaranse unha gran variedade de actividades relacionadas e centradas con esta materia, nelas participarán tanto o alumnado do centro, de todos os cursos, como o profesorado do mesmo.

Mecanismos de revisión, avaliación e modificación das propias programacións didácticas e proceso de mellora

Ao final de cada trimestre cumprimentaremos o cadro que sigue o que permitirá avaliar o funcionamento do programado na aula e establecer estratexias de mellora para o seguinte trimestre e para o seguinte curso.

ASPECTOS A AVALIAR	A DESTACAR...	A MELLORAR...	PROPOSTAS DE MELLORA PERSOAL
Temporalización das unidades didácticas			
Desenvolvemento dos obxectivos didácticos			
Manexo dos contidos na unidade			
Desempeños competenciais			
Realización de tarefas			
Estratexias metodolóxicas seleccionadas			
Recursos			
Claridade nos criterios de avaliación			
Uso de diversas ferramentas de avaliación			
Consecución estándares de aprendizaxe			
Atención á diversidade			

5º Nivel

Competencias clave:

Na área de Música contribuiremos ao adestramento de todas as competencias de xeito sistemático, facendo fincapé nos contidos máis afíns á área.

Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía

- Relacionarse co medio de xeito respectuoso.
- Identificar e manipular con precisión elementos matemáticos (números, datos, elementos xeométricos...) en actividades musicais.

Comunicación lingüística

- Captar o sentido das expresións orais: ordes, explicacións, indicacións, relatos...
- Expresar oralmente de xeito ordenado e clara calquera tipo de información.
- Respetar as normas de comunicación en calquera contexto: quenda de palabra, escoita atenta ao interlocutor...
- Manexar elementos de comunicación non verbal, ou en diferentes rexistros en diversas situacións comunicativas.
- Utilizar os coñecementos sobre a lingua para buscar información e ler textos en calquera situación.

Competencia dixital

- Empregar distintas fontes para a busca de información.
- Utilizar as distintas canles de comunicación audiovisual para transmitir informacións diversas.
- Manexar ferramentas dixitais para a construción de coñecemento.

Conciencia e expresións culturais

- Mostrar respecto cara ás obras máis importantes do patrimonio cultural a nivel mundial.
- Valorar a interculturalidade como unha fonte de riqueza persoal e cultural.
- Expresar sentimentos e emocións desde códigos artísticos.
- Elaborar traballos e presentacións con sentido estético.

Competencias sociais e cívicas

- Coñecer e aplicar dereitos e deberes da convivencia cidadá no contexto da escola. Aplicar permanentemente os protocolo do centro en materia de hixiene e saúde para combater a pandemia do covid-19.
- Desenvolver capacidade de diálogo cos demais en situacións de convivencia e traballo e para a resolución de conflitos.
- Mostrar dispoñibilidade para a colaboración activa en ámbitos de participación establecidos.
- Concibir unha escala de valores propia e actuar conforme a ela.
- Evidenciar preocupación polos máis desfavorecidos e respecto aos distintos ritmos e potencialidades.

Sentido de iniciativa e espírito emprendedor

- Asumir as responsabilidades encomendadas e dar conta delas.
- Ser constante no traballo superando as dificultades.

- Mostrar iniciativa persoal para iniciar ou promover accións novas.

Aprender a aprender

- Xerar estratexias para aprender en distintos contextos de aprendizaxe.
- Aplicar estratexias para a mellora do pensamento creativo, crítico, emocional, interdependente...
- Seguir os pasos establecidos e tomar decisións sobre os seguintes en función dos resultados intermedios.
- Tomar conciencia dos procesos de aprendizaxe.

Obxectivos

1. Clasificar os distintos tipos de voz: soprano, contralto, tenor e baixo.
2. Identificar e clasificar os instrumentos da orquestra sinfónica.
3. Recoñecer os distintos tipos de instrumentos e agrupacións vocais e instrumentais.
4. Explorar diferentes tipos de estilos musicais, as súas características e evolución.
5. Coñecer a música doutros tempos e culturas e a súa implicación e relevancia noutros contextos.
6. Representar a música na súa forma musical (binaria, ternaria e rondó) a través de métodos non convencionais: o musicograma.
7. Clasificar os instrumentos musicais a partir da forma de producir o seu son: idiófonos, membranófonos, cordófonos, aerófonos e electrófonos.
8. Desenvolver a técnica vocal na interpretación de cancións.
9. Adestrar a técnica instrumental (frauta e láminas) no acompañamento e a interpretación de pequenas obras musicais.
10. Desenvolver a capacidade compositiva na creación de pequenas partituras en grafía convencional e non convencional.
11. Identificar os trazos básicos dunha danza (ritmo, melodía e carácter).
12. Coñecer algunhas danzas do mundo e comparalas coas nosas danzas tradicionais.
13. Desenvolver habilidades coreográficas na creación de danzas simples.
16. Identificar os diferentes profesionais que interveñen no desenvolvemento dunha danza (coreógrafo, directos, bailarín...) e a súa importancia no desenvolvemento desta.

Contidos

Bloque 1. escoita.

Rexistro da voz adulta: soprano, contralto, tenor e baixo.

Tipos de instrumentos e agrupacións vocais e instrumentais.

A orquestra sinfónica.

Utilización da música, de diferentes estilos, tempo, cultura, en distintos contextos.

Bloque 2. Interpretación musical.

Representación das formas musicais: formas binarias, ternarias e rondó.

Clasificación dos instrumentos musicais segundo o material vibrante: idiófonos, membranófonos, cordófonos, aerófonos e electrófonos.

Técnica vocal e instrumental (láminas e fruta doce). Invención musical.

Bloque 3. A música, o movemento e a danza.

Características técnicas e musicais das danzas galegas e do mundo.

Dirección e interpretación.

Concreción dos estándares de aprendizaxe avaliados e grao mínimo de consecución para superar a materia

Dado que a área de música é en gran medida unha materia aptitudinal onde a capacidade para a realizar determinadas actividades propias da materia (cantar, bailar, tocar un instrumento...) vai ser moi diferente duns individuos a outros debido as súas condicións naturais, non sería lóxico polo tanto que o grao de consecución de determinados estándares de aprendizaxe condicionara a superación da materia, máxime cando o horario de música non sobrepasa os 50 minutos semanais. Atrévome a facer esta afirmación partindo de que o obxectivo central da área de música na Educación Primaria debe centrarse en o gusto pola música e nunca nunha carreira de obstáculos dificilmente salvable para un sector da poboación escolar. Nese sentido todos aqueles estándares vinculados a realización de actividades que impliquen unha certa destreza vocal, instrumental, rítmica e audioperceptiva deben contar so a efectos de mellorar a nota pero non deben ser elementos determinantes a efectos de superar a materia.

Os estándares do Bloque 1, o 1.1, 1.2, 2.1, 3.1,4.2 do Bloque 2 e o 1.1,2.1,e 2.2 do Bloque 3 si son esixíbeis para superar a materia. Para rexistrar as evidencias de aprendizaxe vinculadas aos estándares utilizaremos unha libreta de seguimento do alumnado. Ao longo das distintas unidades didácticas iremos planificando a realización e a recollida de produtos que mostre o nivel de consecución do estándar e detalle a súa evolución ao longo do curso. En dita libreta realizaranse as diversas avaliacións e notas oportunas das actividades e probas que se leven a cabo na aula de música. Estas actividades, e polo tanto anotacións, estarán agrupadas por temas en relación aos diferentes bloques de contidos: desenvolvemento auditivo (B1), desenvolvemento rítmico-vocal- instrumental (B3), desenvolvemento psicomotriz (B3); por outro lado tamén contamos cun apartado específico para a evolución da lectoescritura musical e o comportamento. Cada un destes ítems están formados polos diferentes estándares de aprendizaxe de cada un dos bloques de contidos mencionados anteriormente e que se especifican no seguinte punto.

4.1 Concreción dos estándares

Bloque 1. escoita.

- 1.1. Compara as diferenzas de determinadas voces.
- 2.1. Clasifica os instrumentos e compáraos cos rexistros de voces adultas.
- 2.2. Coñece as agrupacións instrumentais e as vogais e recoñéceas en audicións.
- 2.3. Explica a composición e o repertorio básico da orquestra sinfónica.
- 3.1. Identifica as manifestacións propias da música tradicional de Galicia.

Bloque 2. Interpretación musical.

- 1.1. Analiza a estrutura dunha obra musical utilizando un vocabulario básico.
- 1.2. Identifica nun musicograma diferentes exemplos formais: sonata, lied, rondó.
- 2.1. Distingue as principais familias de instrumentos segundo o material vibrante.
- 3.1. Coñece o mecanismo da produción de voz e os órganos que interveñen na respiración e a fonación.
- 3.2. Canta cun control postural adecuado e unha técnica vocal correcta.
- 3.3. Desenvolve destrezas básicas para a correcta utilización da frauta doce.
- 3.4. Interpreta coa frauta doce partituras utilizando a man esquerda (notas sol, la, si do, re) e a man dereita (notas fa, mi).
- 3.5. Interpreta composicións sinxelas nas que participa a voz. A frauta doce e os instrumentos de acompañamento.
- 4.1. Rexistra música creada utilizando a grafía convencional.
- 4.2. Identifica os elementos da linguaxe musical convencional: notas, clave de do, figuras e estruturas rítmicas.

Bloque 3. A música, o movemento e a danza.

- 1.1. Coñece, valora e compara as características técnicas e musicais das danzas de diferentes países.
- 2.1. Coñece as diferentes funcións dos profesionais da danza.
- 2.2. Asume algunha función na creación e interpretación dunha coreografía sinxela para danzas propias de Galicia.
- 2.3. Emprega as posibilidades expresivas do seu propio corpo en coordinación cos demais na interpretación de danzas.

Temporalización.

Esta programación está pensada para o curso escolar 2021-2022, atendendo á Orde do 19 de maio de 2021 pola que se establece o calendario escolar para o curso 2021/2022. As diferentes unidades didácticas que se leven a cabo estarán formadas por diferentes contidos segundo o curso escolar no que nos atopemos, onde terán unha evolución da dificultade ascende.

Comezaremos o curso a través dunha sesión de presentación, onde o obxectivo principal será comprender os gustos e intereses do alumnado relacionados coa música, así mesmo comezaremos a introducilos nas dinámicas de aula que terían lugar ao longo deste curso. Seguidamente terán lugar as diversas unidades didácticas, nas cales sempre se presentarán diversos apartados:

- Práctica vocal.
- Práctica instrumental.
- Movemento e danza.
- Coñecementos xerais sobre a música, en función de cada un dos cursos.
- Actividades relacionadas coas festividades pertinentes.
- Actividades centradas no proxecto do centro, o cal como se mencionou con anterioridade, está centrado na música.

Procedementos e instrumentos de avaliación

Observación sistemática, pautada e directa do proceso de aprendizaxe. Rexistro das observacións na libreta do profesor na que se teñan en conta as evidencias dos estándares de aprendizaxe. Avaliación real do esforzo individual de cada alumno que tamén se rexistrará na libreta do profesor.

Metodoloxía

As manifestacións artísticas son achegas inherentes ao desenvolvemento da humanidade: non cabe un estudo completo da historia da humanidade no que non se considere a presenza da arte en todas as súas posibilidades. Ao igual que acontece con outras linguaxes, o ser humano utiliza tanto a linguaxe plástica coma o musical para comunicarse co resto de seres; neste caso, incidimos na linguaxe musical como ferramenta para poder expresar as vivencias, os sentimentos, todo aquilo que acontece dentro dun mesmo coa oportunidade de poder contalo a outros.

Dende esta perspectiva, entender, coñecer e investigar, desde idades temperás, os fundamentos da devandita linguaxe van permitir ao alumnado o desenvolvemento da atención, a percepción, a intelixencia, a memoria, a imaxinación e a creatividade. Ademais, o coñecemento musical facilitará o desfrute do patrimonio cultural e artístico, ao valorar e respectar as achegas que se foron engadindo este.

Debemos de ter en conta que cada alumno parte dunhas fortalezas individuais, polo que haberá que poñer en xogo diferentes habilidades para que o propio alumno coñeza onde residen as súas fortalezas.

Cada unha das fortalezas individuais do alumnado axudaranos a definir a predominancia de cada unha das súas intelixencias, polo que as tarefas a realizar estarán pensadas desde a **teoría das intelixencias múltiples** como oportunidade para que todo o alumnado chegue a adquirir todos aqueles aspectos que necesitan para poder desenvolver unha aprendizaxe permanente ao longo da vida.

Nesta área, os alumnos poderán desenvolver diferentes habilidades para a interpretación musical podendo á vez comprobar a capacidade expresiva e creativa desde o coñecemento e a práctica da danza.

O profesorado favorecerá o **traballo en grupo colaborador** de forma que o alumnado recoñeza o seu propio papel e o dos demais compoñentes do grupo como fonte importante de coñecemento, de forma que todos, nenos e nenas, gocen do proceso de creación tanto ou máis que da obra final.

Os contidos da área de Música están organizados arredor duns conceptos fundamentais vinculados a un **contexto real**; será importante traballar a parte competencial de forma que o coñecemento se transforme en acción e aplícalo a proxectos reais próximos ao alumnado.

Materiais e recursos didácticos

- Recursos fotocopiáveis das diferentes propostas didácticas, con actividades para traballar a tarefa, actividades de reforzo e ampliación e o rexistro de avaliación.
- Equipo de música con lector de CD audio, ordenador e canón de vídeo.
- Instrumentos de percusión, teclado, guitarra e fruta.
- Recursos manipulativos, xogos relacionados coa materia, recursos online...

Criterios de avaliación, de cualificación e de promoción

Bloque 1. escoita.

1. Recoñecer, en audicións musicais, diferentes tipos de voces adultas e as súas agrupacións.
2. Coñecer a clasificación dos instrumentos por rango comparándoos cos distintos tipos de rexistro de voces adultas.
3. Coñecer os diferentes usos da música formulando opinións acerca destes.

Bloque 2. Interpretación musical.

1. Recoñecer aspectos básicos dunha obra musical analizando un musicograma.
2. Diferenciar e clasificar os instrumentos musicais atendendo á súa forma de producir o son.
3. Desenvolve unha técnica base para a interpretación correcta de instrumentos e para o cultivo da voz.
4. Crear e representar mediante grafías convencionais unha obra musical sinxela.

Bloque 3. A música, o movemento e a danza.

1. Comparar as características técnicas e musicais (ritmo, melodía e carácter) das danzas de diferentes países atendendo á súa orixe e clasificación.

2. Coñecer e valorar a función dos diferentes profesionais da danza (coreógrafo, director, bailarín...) asumindo as diferentes funcións na creación dunha coreografía sinxela para ser interpretada en grupo.

Indicadores de logro para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente

- Clasifica os instrumentos e compáraos cos rexistros de voces adultas.
- Coñece as agrupacións instrumentais e as vogais e recoñéceas en audicións.
- Identifica as manifestacións propias da música tradicional de Galicia.
- Analiza a estrutura dunha obra musical utilizando un vocabulario básico.
- Identifica nun musicograma diferentes exemplos formais: sonata, lied, rondó.
- Canta cun control postural adecuado e unha técnica vocal correcta.
- Desenvolve destrezas básicas para a correcta utilización da frauta doce.
- Interpreta coa frauta doce partituras utilizando a man esquerda (notas sol, la, si do, re) e a man dereita (notas fa, mi).
- Interpreta composicións sinxelas nas que participa a voz. A frauta doce e os instrumentos de acompañamento.
- Identifica os elementos da linguaxe musical convencional: notas, clave de do, figuras e estruturas rítmicas.
- Coñece, valora e compara as características técnicas e musicais de algunha danza de diferentes países
- Asume algunha función na creación e interpretación dunha coreografía sinxela para danzas propias de Galicia.
- Emprega as posibilidades expresivas do seu propio corpo en coordinación cos demais na interpretación de danzas.

Deseño da avaliación inicial

A avaliación inicial consistirá en valorar o nivel competencial da área de música.

Realízase mediante probas prácticas que midan o grao de destrezas adquiridas nos distintos bloques en que se organiza a materia. En todo caso valorarase a percepción auditiva, o ritmo, a entonación, o manexo dos instrumentos de percusión e a capacidade de lectura e escritura musical.

A avaliación inicial realízase durante o mes de setembro e terá simplemente carácter informativo.

En función dos resultados valorarase a posta en práctica de actividades de reforzo ou ampliación de carácter individual.

Medidas de atención á diversidade

Despois de detectar as necesidades do diferente alumnado procuraremos reforzar individualmente aqueles que o precisen axudándoos a superar aquelas dificultades que manifestan. Dado que hai rapazas e rapaces iniciados no estudo da música estes

colaboraran cos/cas compañeiros/as que o necesitan desde os criterios dun modelo de colaboración dirixido polo profesor. De ser o caso, haberá actividades de ampliación para o alumnado que manifeste un talento especial nesta area, fundamentalmente centrada no acompañamento instrumental (armonías simples) ou introducindo acompañamentos rítmicos máis complexos en función das capacidades de cada alumno/a. Estas ampliación faranse de ser o caso tendo como base os temas que cantan/tocan o conxunto dos/as compañeiros/as.

Actividades complementarias e extraescolares programadas

Neste curso escolar 2021-22 contamos cun proxecto no centro denominado “O acorde da quinta”, centrado na música e a súa importancia na sociedade e na vida das persoas. Ao longo dos diferentes trimestres realizaranse unha gran variedade de actividades relacionadas e centradas con esta materia, nelas participarán tanto o alumnado do centro, de todos os cursos, como o profesorado do mesmo.

Mecanismos de revisión, avaliación, e modificación das propias programacións didácticas e procesos de mellora

Ao final de cada trimestre cumprimentaremos o cadro que sigue o que permitirá avaliar o funcionamento do programado na aula e establecer estratexias de mellora para o seguinte trimestre e para o seguinte curso.

ASPECTOS A AVALIAR	A DESTACAR...	A MELLORAR...	PROPOSTAS DE MELLORA PERSOAL
Temporalización das unidades didácticas			
Desenvolvemento dos obxectivos didácticos			
Manexo dos contidos na unidade			
Desempeños competenciais			
Realización de tarefas			
Estratexias metodolóxicas seleccionadas			

Recursos			
Claridade nos criterios de avaliación			
Uso de diversas ferramentas de avaliación			
Consecución estándares de aprendizaxe			
Atención á diversidade			

6º Nivel

Competencias clave

Na área de Música contribuiremos ao adestramento de todas as competencias de xeito sistemático, facendo fincapé nos contidos máis afíns á área.

Competencia lingüística

- Valorar a obra artística.
- Obter información relevante e suficiente a partir da observación.
- Describir procesos de traballo e argumentación de solucións.
- Desenvolver capacidades relacionadas coa fala, como a respiración, a dicción e a articulación.
- Adquirir un vocabulario específico da área.

Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía

- Explorar de maneira sensorial os espazos.
- Tomar conciencia da importancia de contribuír a preservar un contorno físico agradable e saudable.
- Utilizar o medio como pretexto para a creación artística.
- Mostrar actitudes de respecto cara aos demais e cara a un mesmo.
- Apreciar o contorno a través dos sons presentes na natureza e nas obras realizadas polo home.

Competencia dixital

- Valorar o grao de certeza dos resultados derivados do razoamento.
- Seleccionar as técnicas adecuadas para calcular os pulsos.

Conciencia e expresións culturais

- Buscar, seleccionar e intercambiar información sobre manifestacións artísticas para o seu coñecemento e goce.
- Usar a tecnoloxía para mostrar procesos relacionados coa música.

Sentido da iniciativa e espírito emprendedor

- Coñecer e aplicar dereitos e deberes da convivencia cidadá no contexto da escola. Aplicar permanentemente os protocolos do centro en materia de hixiene e saúde para combater a pandemia do covid-19.
- Coidar e conservar materiais e instrumentos.
- Traballar en equipo cooperando e asumindo responsabilidades.
- Aplicar técnicas concretas e utilizar os espazos de maneira apropiada.
- Expresarse buscando o acordo con actitude de respecto, de aceptación e de entendemento.
- Ter interese polo coñecemento dos materiais.
- Promover a iniciativa, a imaxinación e a creatividade.
- Apoiar e apreciar as iniciativas e as contribucións alleas.

Competencia aprender a aprender

- Ter curiosidade respecto do resultado final dunha actividade manipulativa.
- Valorar o potencial creativo contido nas formas sinxelas.
- Esforzarse por alcanzar resultados orixinais.
- Observar co obxecto de adquirir información relevante e suficiente.
- Utilizar os coñecementos adquiridos en situacións diferentes.

Obxectivos

1. Desenvolver mecanismos de sensibilidade estética e creación artísticas para promover a percepción e a expresión de ideas, emocións, sentimentos e vivencias.
2. Explorar as posibilidades expresivas do propio corpo e coñecer e manexar instrumentos de percusión sinxelos. Iniciarse no coñecemento da fruta doce, continuar utilizando os instrumentos de lámina. Tocar con fruta doce e coas láminas pequenas composicións adaptadas aos seus coñecementos.
3. Indagar nas posibilidades do son, e do movemento como elementos de representación e de comunicación e utilízalas para expresar ideas e sentimentos, contribuindo con iso ao equilibrio afectivo e á relación coas demais persoas.
4. Adquirir códigos e técnicas específicas da linguaxe musical con graffías convencionais (Pentagrama, clave de sol, escala de doM, compases binarios e ternarios) e non convencionais para utilízalos con fins expresivos e comunicativos.
5. Conseguir unha disposición favorable hacia as manifestacións musicais.

6. Manter unha actitude de busca persoal e colectiva, articulando a percepción, a imaxinación, a indagación e a sensibilidade e reflexionando á hora de realizar e gozar de diferentes producións artísticas.
7. Recoñecer que as diversas manifestacións da arte e da cultura son fonte de coñecemento, foron realizadas por homes e por mulleres e reflicten a súa experiencia e percepción da vida.
8. Coñecer algunhas das posibilidades dos medios audiovisuais e das tecnoloxías da información e da comunicación nas que intervén o son e empregalas como recursos para a observación, para a busca de información e para a elaboración de producións propias, xa sexa de forma autónoma ou en combinación con outros medios e materiais.
9. Valorar e compartir manifestacións artísticas do patrimonio cultural galego apreciando a súa riqueza e diversidade e comprometéndose na súa defensa, conservación e difusión.
10. Coñecer e valorar diferentes manifestacións musicais do patrimonio cultural doutros pobos, colaborando na conservación e renovación das formas de expresión locais e nacionais e estimando o enriquecemento que supón o intercambio con persoas de diferentes culturas que comparten un mesmo contorno.
11. Desenvolver unha relación de autoconfianza coa produción artística persoal, respectando as creacións propias e as das outras persoas, cunha actitude de interese e de admiración polo distinto e/ou novo, sabendo recibir e expresar críticas e opinións, e utilizándoas como recurso para a mellora.
12. Participar activamente en producións artísticas (xogos, cancións, bailes, improvisacións, etc.) de forma cooperativa, asumindo distintas funcións e colaborando na resolución dos problemas que se presenten para conseguir un produto final o máis satisfactorio posible.

Contidos

Bloque 1. escoita

- Indagación sobre as posibilidades comunicativas das TIC, da interacción de diferentes medios e linguaxes artísticas, das familias e das agrupacións instrumentais e vocais.
- Identificación e apreciación de formas musicais sinxelas, das calidades dos sons, de agrupacións instrumentais e vocais en pezas musicais.
- Análise dos parámetros do son: altura (intervalos de 2ª e de 3ª), intensidade, duración e timbre.

- Gravación, escoita e comentario da música interpretada na aula e suxestión de posibilidades de mellora persoal e colectiva.
- Utilización dos medios de comunicación e da internet para a busca de información, en soporte papel e dixital, sobre instrumentos, compositoras e compositores, intérpretes e eventos musicais de interese.
- Investigación sobre as relacións entre as producións musicais e coreográficas e as realidades persoais e sociais onde naceron.
- Valoración dos instrumentos populares galegos como integrantes do noso patrimonio cultural.
- Valoración e interese pola música de diferentes épocas e culturas.
- Identificación de agresións acústicas e da súa influencia na calidade de vida das persoas, e contribución activa á súa diminución e ao benestar persoal e colectivo.
 - Actitude atenta, silenciosa e respectuosa durante a audición de música e/ou na asistencia a diferentes representacións musicais.

Bloque 2. Interpretación musical

- Utilización progresiva das grafías convencionais na lectura e na escritura . Penta-grama, clave de sol, escala de do Maior, Compases binarios, ternarios e cuaternarios.
 - Interpretación, memorización e improvisación guiada de cancións (da cultura galega e doutras) a unha ou varias voces desenvolvendo progresivamente a dicción, a afinación e a técnica vocal.
 - Exploración das posibilidades sonoras e expresivas da voz, para comunicar de forma sonora e corporal pensamentos, sensacións, emocións e experiencias.
 - Interese pola mellora do proceso de interpretación e do resultado final, cun nivel progresivo de confianza e de seguridade.
 - Exploración das posibilidades sonoras e expresivas do corpo, dos obxectos, dos instrumentos, dos medios audiovisuais e tecnolóxicos para comunicar de forma sonora e corporal pensamentos, sensacións, emocións e experiencias.
 - Improvisación, individual e/ou colectiva, de motivos, frases e pequenas formas, rítmicas e melódicas, como forma de acompañamento.
 - Incorporación e utilización progresiva das grafías convencionais na interpretación de pezas instrumentais sinxelas.
 - Interese pola mellora do proceso de interpretación e do resultado final, cun nivel progresivo de confianza e de seguridade.
 - Asunción de responsabilidades na interpretación en grupo, e respecto ás achegas das demais persoas e á persoa que asuma a dirección.

- Traballo cooperativo, asumindo as responsabilidades que lle correspondan e respectando as achegas das demais persoas do grupo.
- Actitude de constancia e de progresiva esixencia na interpretación musical.

Bloque 3. A música, o movemento e a danza

- Interpretación de danzas coidando a coordinación tanto individual coma colectiva.
- Invención de coreografías sinxelas para cancións e de pezas musicais de diferentes estilos.
- Interese pola participación en eventos e celebracións de contido musical, formulando opinións sobre eles.

Concreción dos estándares de aprendizaxe avaliados e grao mínimo de consecución para superar a materia

Dado que a área de música é en gran medida unha materia aptitudinal onde a capacidade para a realización determinadas actividades propias da materia (cantar, bailar, tocar un instrumento...) vai ser moi diferente duns individuos a outros debido as súas condicións naturais, non sería lóxico polo tanto que o grao de consecución de determinados estándares de aprendizaxe condicionara a superación da materia, máxime cando o horario de música non sobrepasa os 50 minutos semanais. Atrévome a facer esta afirmación partindo de que o obxectivo central da área de música na Educación Primaria debe centrarse en o gusto pola música e nunca nunha carreira de obstáculos dificilmente salvable para un sector da poboación escolar. Nese sentido todos aqueles estándares vinculados a realización de actividades que impliquen unha certa destreza vocal, instrumental, rítmica e audioperceptiva deben contar so a efectos de mellorar a nota pero non deben ser elementos determinantes a efectos de superar a materia.

Os estándares 1,3,4,6,12,13,14,15 si son esixíbeis para superar a materia. Para rexistrar as evidencias de aprendizaxe vinculadas aos estándares utilizaremos unha libreta de seguimento do alumnado. Ao longo das distintas unidades didácticas iremos planificando a realización e a recollida de produtos que mostre o nivel de consecución do estándar e detalle a súa evolución ao longo do curso. En dita libreta realizaranse as diversas avaliacións e notas oportunas das actividades e probas que se leven a cabo na aula de música. Estas actividades, e polo tanto anotacións, estarán agrupadas por temas en relación aos diferentes bloques de contidos: desenvolvemento auditivo (B1), desenvolvemento rítmico-vocal-instrumental (B3), desenvolvemento psicomotriz (B3); por outro lado tamén contamos cun apartado específico para a evolución da lectoescritura musical e o comportamento. Cada un destes ítems están formados polos diferentes estándares de aprendizaxe de

cada un dos bloques de contidos mencionados anteriormente e que se especifican no seguinte punto.

Concreción dos estándares

1. Clasifica os instrumentos e compáraos cos rexistros de voces adultas.
2. Coñece as agrupacións instrumentais e as vogais e recoñéceas en audicións.
3. Explica a composición e o repertorio básico da orquestra sinfónica.
4. Identifica as manifestacións propias da música tradicional de Galicia.
5. Analiza a estrutura dunha obra musical utilizando un vocabulario básico.
6. Coñece o mecanismo da produción de voz e os órganos que interveñen na respiración e a fonación.
7. Canta cun control postural adecuado e unha técnica vocal correcta.
8. Desenvolve destrezas básicas para a correcta utilización da frauta doce.
9. Interpreta coa frauta doce partituras utilizando a man esquerda (notas sol, la, si do, re) e a man dereita (notas fa, mi, re, do).
10. Interpreta composicións sinxelas nas que participa a voz. A frauta doce e os instrumentos de acompañamento.
11. Rexistra música creada utilizando a grafía convencional.
12. Identifica os elementos da linguaxe musical convencional: notas, clave de sol, figuras e estruturas rítmicas.
13. Coñece, valora e compara as características técnicas e musicais das danzas de diferentes países.
14. Coñece as diferentes funcións dos profesionais da danza.
15. Asume algunha función na creación e interpretación dunha coreografía sinxela para danzas propias de Galicia.
16. Emprega as posibilidades expresivas do seu propio corpo en coordinación cos demais na interpretación de danzas.

Temporalización.

Esta programación está pensada para o curso escolar 2021-2022, atendendo á Orde do 19 de maio de 2021 pola que se establece o calendario escolar para o curso 2021/2022. As diferentes unidades didácticas que se leven a cabo estarán formadas por diferentes contidos segundo o curso escolar no que nos atopemos, onde terán unha evolución da dificultade ascende.

Comezaremos o curso a través dunha sesión de presentación, onde o obxectivo principal será comprender os gustos e intereses do alumnado relacionados coa música, así mesmo comezaremos a introducilos nas dinámicas de aula que terían lugar ao longo deste curso. Seguidamente terán lugar as diversas unidades didácticas, nas cales sempre se presentarán diversos apartados:

- Práctica vocal.
- Práctica instrumental.
- Movemento e danza.
- Coñecementos xerais sobre a música, en función de cada un dos cursos.

- Actividades relacionadas coas festividades pertinentes.
- Actividades centradas no proxecto do centro, o cal como se mencionou con anterioridade, está centrado na música.

Procedementos e instrumentos de avaliación

Observación sistemática, pautada e directa do proceso de aprendizaxe. Rexistro das observacións na libreta do profesor na que se teñan en conta as evidencias dos estándares de aprendizaxe. Avaliación real do esforzo individual de cada alumno que tamén se rexistrará na libreta do profesor

Metodoloxía

As manifestacións artísticas son achegas inherentes ao desenvolvemento da humanidade: non cabe un estudo completo da historia da humanidade no que non se considere a presenza da arte en todas as súas posibilidades. Ao igual que acontece con outras linguaxes, o ser humano utiliza tanto a linguaxe plástica coma o musical para comunicarse co resto de seres; neste caso, incidimos na linguaxe musical como ferramenta para poder expresar as vivencias, os sentimentos, todo aquilo que acontece dentro dun mesmo coa oportunidade de poder contalo a outros.

Dende esta perspectiva, entender, coñecer e investigar, desde idades temperás, os fundamentos da devandita linguaxe van permitir ao alumnado o desenvolvemento da atención, a percepción, a intelixencia, a memoria, a imaxinación e a creatividade. Ademais, o coñecemento musical facilitará o desfrute do patrimonio cultural e artístico, ao valorar e respectar as achegas que se foron engadindo este.

Debemos de ter en conta que cada alumno parte dunhas fortalezas individuais, polo que haberá que poñer en xogo diferentes habilidades para que o propio alumno coñeza onde residen as súas fortalezas.

Cada unha das fortalezas individuais do alumnado axudaranos a definir a predominancia de cada unha das súas intelixencias, polo que as tarefas a realizar estarán pensadas desde a **teoría das intelixencias múltiples** como posibilidade para que todo o alumnado chegue a adquirir todos aqueles aspectos que necesitan para poder desenvolver unha aprendizaxe permanente ao longo da vida.

Nesta área, os alumnos poderán desenvolver diferentes habilidades para a interpretación musical podendo á vez comprobar a capacidade expresiva e creativa desde o coñecemento e a práctica da danza.

O profesorado favorecerá o **traballo en grupo colaborador** de forma que o alumnado recoñeza o seu propio papel e o dos demais compoñentes do grupo como fonte importante de coñecemento, de forma que todos, nenos e nenas, gocen do proceso de creación tanto ou máis que da obra final.

Os contidos da área de Música están organizados arredor duns conceptos fundamentais vinculados a un **contexto real**; será importante traballar a parte competencial de forma que o coñecemento se transforme en acción e aplícalo a proxectos reais próximos ao alumnado.

Materiais e recursos didácticos

- Recursos fotocopiáveis das diferentes propostas didácticas, con actividades para traballar a tarefa, actividades de reforzo e ampliación e o rexistro de avaliación.
- Equipo de música con lector de CD audio, ordenador e canón de vídeo.
- Instrumentos de percusión, teclado, guitarra e frauta.
- Materiais manipulativos, xogos online.

Criterios de avaliación de cualificación e de promoción

1. Buscar, seleccionar e organizar informacións sobre manifestacións musicais do patrimonio cultural propio e doutras culturas, de acontecementos, creadoras e creadores e outras persoas relacionadas coa música.

Trátase de valorar a capacidade de busca e de uso de información en formatos variados. Valorarase especialmente a axeitada selección da información.

2. Formular opinións acerca das manifestacións artísticas ás cales se accede, amosando o coñecemento que se ten delas e a inclinación persoal para gozar e encher o tempo de lecer.

Con este criterio quérese comprobar o coñecemento que os nenos e as nenas teñen das manifestacións e dos feitos musicais tanto do contorno máis próximo coma doutros pobos, a súa implicación sensible na observación da realidade e a súa capacidade para formar criterios e opinións propias, así como o interese por compartilos coas compañeiras e cos compañeiros, empregando unha terminoloxía o máis apropiada posible.

3. Recoñecer músicas do medio social e cultural propio e doutras épocas e culturas.

Con este criterio preténdese avaliar se o alumnado coñece e é capaz de nomear e identificar algúns dos trazos característicos e salientables de exemplos de obras musicais de diferentes épocas e culturas.

4. Axustar a propia acción á das outras persoas do grupo na interpretación de pezas musicais e de danzas.

Este criterio pretende avaliar a capacidade do alumnado para atender e concertar a súa propia acción coas outras partes do conxunto. Non se trata de valorar o nivel técnico acadado, senón a actitude con que as nenas e os nenos participan nas actividades de interpretación, observando a súa vontade de adaptarse ao resto do grupo e de responsabilizarse no traballo cooperativo e coordinado.

5. Rexistrar a música e os ritmos creados empregando distintos tipos de grafías.

Comprobarase a capacidade de relacionar son e grafía. Avaliarase a súa capacidade para representar graficamente os sons dunha obra musical inventada no contexto da aula, individual ou colectivamente.

6. Usar adecuadamente as tecnoloxías da información e da comunicación para a creación de producións musicais sinxelas.

Avaliarase o uso que o alumnado fai das TIC á hora de empregar algunhas aplicacións básicas para o tratamento do son e para a creación de producións propias.

7. Identificar manifestacións musicais propias de Galicia.

Avaliarase se o alumnado é quen de recoñecer algunhas manifestacións musicais propias do patrimonio cultural e artístico galego, valorándoas e apreciándoas como fórmulas de transmisión de valores culturais.

Indicadores de logro para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente

- Clasifica os instrumentos e compáraos cos rexistros de voces adultas.
- Coñece as agrupacións instrumentais e as vogais e recoñéceas en audicións.
- Identifica as manifestacións propias da música tradicional de Galicia.
- Analiza a estrutura dunha obra musical utilizando un vocabulario básico.
- Identifica nun musicograma diferentes exemplos formais: sonata, lied, rondó e minuet.
- Canta cun control postural adecuado e unha técnica vocal correcta.
- Desenvolve destrezas básicas para a correcta utilización da fruta doce.
- Interpreta coa fruta doce partituras utilizando a man esquerda (notas sol, la, si do, re) e a man dereita (notas fa, mi, re, do).
- Interpreta composicións sinxelas nas que participa a voz. A fruta doce e os instrumentos de lámina.
- Rexistra música creada utilizando a grafía convencional.
- Identifica os elementos da linguaxe musical convencional: notas, clave de do, figuras e estruturas rítmicas.
- Coñece, valora e compara as características técnicas e musicais de algunha danza de diferentes países.

- Asume algunha función na creación e interpretación dunha coreografía sinxela para danzas propias de Galicia.
- Emprega as posibilidades expresivas do seu propio corpo en coordinación cos demais na interpretación de danzas.

Deseño da avaliación inicial

A avaliación inicial consistirá en valorar o nivel competencial da área de música.

Realízase mediante probas prácticas que midan o grao de destrezas adquiridas nos distintos bloques en que se organiza a materia. En todo caso valorarase a percepción auditiva, o ritmo, a entonación, o manexo dos instrumentos de percusión e a capacidade de lectura e escritura musical.

A avaliación inicial realízase durante o mes de setembro e terá simplemente carácter informativo.

En función dos resultados valorarase a posta en práctica de actividades de reforzo de carácter individual.

Medidas de atención á diversidade

Despois de detectar as necesidades do diferente alumnado procuraremos reforzar individualmente aqueles que o precisen axudándoos a superar aquelas dificultades que manifestan. Dado que hai rapazas e rapaces iniciados no estudo da música estes colaboraran cos/cas compañeiros/as que o necesitan desde os criterios dun modelo de colaboración dirixido polo profesor. De ser o caso, haberá actividades de ampliación para o alumnado que manifeste un talento especial nesta área, fundamentalmente centrada no acompañamento instrumental (armonías simples) ou introducindo acompañamentos rítmicos máis complexos en función das capacidades de cada alumno/a. Estas ampliación faranse de ser o caso tendo como base os temas que cantan/tocan o conxunto dos/as compañeiros/as.

Actividades complementarias e extraescolares programadas

Neste curso escolar 2021-22 contamos cun proxecto no centro denominado “O acorde da quinta”, centrado na música e a súa importancia na sociedade e na vida das persoas. Ao longo dos diferentes trimestres realízanse unha gran variedade de actividades relacionadas e centradas con esta materia, nelas participarán tanto o alumnado do centro, de todos os cursos, como o profesorado do mesmo.

Mecanismos de revisión, avaliación, e modificación das propias programacións didácticas e procesos de mellora

Ao final de cada trimestre cumprimentaremos o cadro que sigue o que permitirá avaliar o funcionamento do programado na aula e establecer estratexias de mellora para o seguinte trimestre e para o seguinte curso.

ASPECTOS A AVALIAR	A DESTACAR...	A MELLORAR...	PROPOSTAS DE MELLORA PERSOAL
Temporalización das unidades didácticas			
Desenvolvemento dos obxectivos didácticos			
Manexo dos contidos na unidade			
Desempeños competenciais			
Realización de tarefas			
Estratexias metodolóxicas seleccionadas			
Recursos			
Claridade nos criterios de avaliación			
Uso de diversas ferramentas de avaliación			
Consecución estándares de aprendizaxe			
Atención á diversidade			

3. Relación da materia de música coas demais áreas

A área de educación artística, formada polas materias de música e educación plástica, está relacionada polas diferentes áreas que forman o currículo de educación primaria, as cales podemos determinar:

- Lingua galega: coñecemento de diferente vocabulario en lingua galega a través do canto de diversas cancións.
- Matemáticas: repaso e coñecemento de diferentes conceptos matemáticos tales como as fraccións por medio dos compases, a duración a través das figuras, os tempos agónicos.
- Ciencias da natureza: coñecemento do aparello respiratorio e fonador, a través da respiración e o canto.
- Ciencias sociais: importancia e valor do ocio, revalorizar as manifestacións culturais da nosa comunidade autóctona, coñecemento dos instrumentos, danzas...
- Educación Física: a través do desenvolvemento psicomotriz do alumnado, control corporal, danzas e coreografías doutras culturas e da nosa propia comunidade.

Favoreceremos o desenvolvemento destas relacións por medio do traballo de diversas actividades na aula de música, tendo en conta a importancia de potenciar ditos puntos en común.

4. Relación da materia de música cos elementos transversais

A través da materia de música potenciaremos o desenvolvemento dos diferentes elementos transversais de xeito globalizador. Dentro dos cales podemos destacar:

- Comprensión lectora, a través da lectura das diferentes letras de cancións que se propoñen na aula de música.
- Expresión oral e escrita, por medio da expresión das súas opinións tras unha audición.
- Comunicación audiovisual, por medio da realización de pequenas creacións audiovisuais.
- Emprendemento, a través da participación e interese pola propia materia.
- Educación cívica, por medio da resolución pacífica de conflitos que teñan lugar en dita aula.

ANEXO PROGRAMACIÓN MÚSICA PRIMARIA: PROMOCIÓN E AVALIACIÓN

A publicación da Orde do 25 de xaneiro do 2022, actualiza a normativa sobre a avaliación, polo que se fai necesaria unha modificación nalgúns apartados da programación didáctica de música en primaria. Serán os que se sinalamos a continuación.

Por tanto, terase en conta como marco legal para a vixente programación a **ORDE do 25 de xaneiro de 2022**, pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bachelato no sistema educativo de Galicia.

1º - O calendario de implantación da LOMLOE, recollido na disposición final quinta, contempla no punto 2 que ao comezo do curso 2022/2023 entrarán en vigor as modificacións introducidas na avaliación e condicións de promoción das diferentes etapas educativas.

2º - O artigo 5 da orde do 25 de xaneiro de 2022, sinala que:

1. A avaliación do alumnado levarase a cabo tomando como referencia para o grao de adquisición das competencias e do logro dos obxectivos da etapa os criterios de avaliación e, de ser o caso, os estándares de aprendizaxe, do Decreto 105, que temos recollidos e concretados na presente programación.

2. Os referentes de avaliación do alumnado con AC serán os da adaptación, sen que isto impida promocionar.

3. Será continua global e terá en conta o progreso no conxunto dos procesos de aprendizaxe.

4. Cando o progreso non sexa adecuado estableceranse medidas de reforzo educativo. Poranse en marcha en calquera momento do curso.

5. A avaliación das competencias clave estará integrada na avaliación da aprendizaxe dende unha fórmula integradora.

6. Na valoración do desenvolvemento das competencias terase en consideración, de ser o caso, os estándares de aprendizaxe das diferentes áreas que se relacionan cunha mesma competencia, formando o perfil desa competencia.

3º A promoción, regulada no artigo 6, establece que:

1. Ao finalizar 2º, 4º e 6º, o equipo docente na sesión de avaliación final, decidirá a promoción. Será adoptada de forma colexiada, tendo en conta os criterios de promoción e tomando especial consideración a información e o criterio do titor. No resto dos cursos a promoción será automática, como é neste caso quinto de primaria.

2. O alumnado que promocióne con algunha área con calificación negativa recibirá os apoios necesarios para recuperar as aprendizaxes sen alcanzar.
3. O que non alcance a promoción permanecerá un ano máis no mesmo curso. A permanencia é unha medida de carácter excepcional, tomarase tras aplicar medidas ordinarias suficientes. Neste caso o equipo docente organizará un Plan Específico de Reforzo (PER). Esta decisión solamente se poderá adoptar unha vez na etapa, oídas as familias.
4. O seguimento do PER farase segundo o artigo 50 da Orde do 8 de setembro de atención á diversidade.
5. Ao finalizar os cursos de 2º e de 4º o profesorado titor emitirá un informe sobre o grao de adquisición das competencias, indicando no seu caso as medidas de reforzo que se deben contemplar no seguinte ciclo.
6. Para garantir a continuidade do proceso de formación ao finalizar a etapa, o alumnado dispoñerá dun informe elaborado pola súa titora sobre a evolución e o grao de adquisición das competencias. No caso do alumnado con NEE reflectiranse as adaptacións e medidas adoptadas.